Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 11 de maio de 2023 (1441/1102)**

| **ASISTENTES:** | **NON ASISTEN:** |
|---|---|
| **Membros :** | |
| D. Abel Caballero Álvarez | D. Francisco Javier Pardo Espiñeira |
| Dª Mª Carmen Silva Rego | Dª Mª José Caride Estévez |
| Dª Elena Espinosa Mangana | D. Jaime Aneiros Pereira |
| D. Carlos López Font | |
| D. Abel Losada Álvarez | |
| Dª Yolanda Aguiar Castro | |
| Dª Patricia Rodríguez Calviño | |

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día once de maio de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(335).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 5 de maio de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(336).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GRAVACIÓN E PRODUCIÓN SESIÓN PLENARIAS E SUBMINISTRO DE SOFTWARE. EXPTE. 19054/101.**

Visto o informe xurídico do 27/04/2023 e o informe de fiscalización do 04/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 26/04/2023, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcalída, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e en base as consideracións que se conteñen no informe

de necesidade e idoneidade e orde de inicio que consta no expediente, asinado con data 12 de setembro de 2022 pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, que dispón que se inicie expediente administrativo para a contratación por procedemento aberto do servizo para a gravación e produción das sesións plenarias e o subministro de software.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes: a) Representar ao Concello e b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

O Pleno, integrado polo Alcalde e polos Concelleiros elixidos mediante sufraxio universal, como órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal, desenvolve segundo artigos 18 e 122 LRBRL, importantes atribucións de carácter normativo, de control, xestión e fiscalización.

As sesións plenarias deste órgano municipal celébranse segundo procedemento regulado na normativa local, con carácter ordinario unha vez ao mes e con carácter extraordinario cando así se acorde polo órgano correspondente.

Na sala de plenos é necesario contar cun equipo audiovisual que permita que as intervencións dos membros do goberno local poidan ser seguidas sen problemas polos asistentes. Para elo é preciso a adquisición dun software que posibilite a realización de determinadas tarefas tales como: a gravación e reprodución das actas plenarias e a súa inclusión na web municipal e un servizo de asistencia profesional que o xestione e que garanta que o equipo audiovisual funcione correctamente.

O obxectivo da adquisición deste xestor de contidos e mais do servizo de asistencia que o xestione é dispoñer dunha ferramenta que facilite a comunicación entre as institucións e os cidadás, mellorando o traballo da administración local, así como a publicación dos contidos de maneira directa e sen intermediarios na mensaxe.

**SEGUNDO**.-En data 9 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto mixto, dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación. Expte. 19054/101.:

**Segundo.-** O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 9 de marzo de 2023 no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, que rematou o día 24 de marzo de 2023 ás 23.59 horas.

**Terceiro.-** Durante o prazo conferido ao efecto, presentaron oferta os seguintes licitadores:

- SPICA, S.L.

**Cuarto.-** En data 24 de marzo de 2023, D. José Manuel Hinojosa Peña en nome e representación de AMBISER INNOVACIONES, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen esta licitación.

**Quinto.-** En data 30 de marzo de 2023, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

**Sexto.-** Con data 30 de abril a Xefa do servizo de Contratación, coa conformidade da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal emite informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto por d. Dosé Manuel Hinojosa Peña en representación de Ambiser Innovaciones, S.L. contra os pregos que rexen o procedemento aberto mixto dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo, e propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguintes acordo:

*"1º.- Aprobar este informe antedito.*

*2º.- Dar traslado do informe ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*3º.- Acordar a suspensión cautelar deste procedemento ata que o TACGAL dite resolución neste recurso".*

**Sétimo.-** Con data 31 de abril a Xunta de Goberno Local en sesión na sesión ordinaria do 31 de marzo de 2023, adoptou o acordo de aprobación da proposta contida no informe.

**No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:**

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal asinada con data 12 de setembro de 2022.

- Declaracións de neutralidade dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares, xefe do Servizo de Administración Electrónica, a xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, con data 1 de decembro de 2022.

- Memoria económica asinada polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, a xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal en data 16 de xaneiro de 2023 e mais polo Concelleiro de Orzamentos e Facenda asinada con data 17 de xaneiro de 2023.

- Memoria xustificativa que conten os elementos básicos do contrato, asinada polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, a xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, asinada el 24 de marzo de 2023 e coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal asinada na mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e mais pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, asinada con data 26 de abril de 2023.

**-** Prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación con data 26 de abril de 2023.

## II NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

## III.- CONDICIÓNS DEFINIDORAS DO CONTRATO

### 1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do contrato é levar a cabo a contratación das licenzas e equipamento, instalación e posta en marcha, formación e mantemento dos elementos necesarios para posibilitar a xeración dos arquivos audiovisuais, únicos inalterables e certificados das sesións como reflexo literal das deliberacións para a súa incorporación ao libro de actas de Plenos do Concello de Vigo e a súa firma electrónica.

Forma así mesmo parte de este contrato o servizo de asistencia técnica para a produción e realización da gravación audiovisual das sesións plenarias.

Trátase dun contrato segundo necesidades.

### 2.- Lotes

O contrato non se divide en lotes por razóns técnicas e de eficiencia xa que o sistema debe funcionar coma un todo integrado e unificado. O adxudicatario debe ser quen se encargue da coordinación e integración de todos os elementos para acadar esa infraestrutura, de for-

ma que o interlocutor para o Concello de Vigo sexa único, tanto para o subministro como para o mantemento de todo o sistema.

Polas mesmas razóns técnicas e de eficiencia, o adxudicatario do subministro debe asumir o servizo de mantemento posterior complementario ao subministro, xa que será quen dispoña do coñecemento necesario do sistema no seu conxunto e das interaccións entre os seus diferentes elementos para o seu correcto funcionamento unificado coma un todo. A realización das tarefas de mantemento por un provedor diferente do subministrador inicial pode dar lugar a deficiencias de coordinación, con consecuencias graves que darían lugar a fallos nos servizos, e incluso podería implicar a eliminación de prestacións de funcionalidades inicialmente subministradas como pode ser a firma cualificada.

## 3.-Procedemento de adxudicación e forma de tramitación

A contratación a realizar cualifícase como contrato mixto de servizos mais subministro segundo necesidades de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 18 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Sendo a porcentaxe de servizos o 20% do contrato e a porcentaxe de subministro 80% do importe do contrato.

O contrato adxudicarase por procedemento **aberto** (artigo 156 da Lei 9/2017) mediante múltiples criterios de adxudicación obxectivos en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

O obxecto do contrato podería identificarse cos códigos CPV seguintes:

- 79132100 - Servizos de certificación relacionados coa firma electrónica.
- 30210000-4 Máquinas procesadoras de datos (hardware)
- 72253000-3 Servizos de unidade de asistencia e de apoio

## 4.-Prazo de execución

O prazo de execución do contrato será:

- **Para o subministro:** 2 meses para o hardware e as licencias.
- **Para o servizo de asistencia e o de mantemento:** 3 anos con unha prórroga dun ano.

Os prazos indicados xustifícanse pola natureza das prestacións, o financiamento e a necesidade de someter a concorrencia o contrato.

Data prevista para o inicio do contrato: 1 de maio de 2023.

Prórroga: Si, para a prestación do servizo de asistencia e mantemento, unha prórroga dun ano de duración

## 5.-Prezo do contrato e xustificación

A determinación do prezo, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluirá, como partida independente o ive. A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

Orzamento base de licitación

O orzamento base de licitación (ive incluído) ascende a 139.748,64 euros, sendo a parte fixa: 115.500,24 euros e a parte variable: 24.248,40 euros.

O ive a soportar pola Administración é 24.253,90 euros, sendo o ive da parte fixa 20.045,50 euros e o ive da parte variable 4.208,40 euros.

Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato ascende a 131.834,74 euros.

O valor estimado é o resultado de descontar o importe correspondente ao IVE do orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custos laborais, e tendo en conta que neste contrato non se contemplan modificacións á alza pero si unha posible prórroga

**Prezos unitarios.:**

| Tipo sesión plenaria | Importe S/IVE | Importe C/IVE |
|---|---|---|
| Ordinaria | 410,00 € | 496,10 € |
| Extraordinaria | 220,00 € | 266,20 € |

**6.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril.**

O importe da licitación podería tramitarse con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes aos orzamentos da Alcaldía e mais de Administración Electrónica correspondente ou a súas bolsas de vinculación seguintes:

- Prestación de subministro: 9207 6260000 e 9120 2090000
- Prestación de servizo: 9120 2279910

O contrato está contemplado do Plan Anual de contratación do Servizo de Administración Electrónica. O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

**III.-PROPOSTA**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP),

así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento aberto (artigo 156 da Lei 9/2017) do servizo de gravación e produción sesión plenarias e subministro de software expediente. Exp.: 19054-101 .

**Segundo.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e mais pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, con data 26 de abril de 2023.

**Terceiro.-** Aprobar o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación de data 26 de abril de 2023

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de licitación 139.748,64 euros, sendo a parte fixa: 115.500,24 euros e a parte variable: 24.248,40 euros . O ive a soportar pola Administración é 24.253,90 euros, sendo o ive da parte fixa 20.045,50 euros e o ive da parte variable 4.208,40 euros

O importe da licitación podería tramitarse con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes aos orzamentos de Alcaldía e mais de Administración Electrónica correspondente ou a suas bolsas de vinculación: Para a prestación do subministro 9207 6260000 e 9120 2090000; e para prestación do servizo: 9120 2279910.

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

**<u>ACORDO</u>**
A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(337).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE "AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO": CURSO 2023-2024. EXPTE. 250717/301.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 8/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

I.1. A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

I.2. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

I.3. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

I.4. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local considera que "*non se entenderá como exercicio de novas competencias*", entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

I.6. O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de trinta anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, promóvese un ano máis pola Concellería de Política de Benestar Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal, o PES e a demais normativa de aplicación.

I.7. O gasto representado polas axudas que se concedan pola Xunta de Goberno Local imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (*"Becas, libros, comedor"*), dotada cun crédito inicial de 1.327.589,40€ incrementada en 100.000€ ata 1.427.589,40€ (Exp. nº 250689/301/301), que se distribuirá así: 135.000€ para libros e material escolar e 1.292.589,40€ para axudas de comedor.

Con todo, está prevista xa a posibilidade de incrementar eses créditos iniciais dispoñendo adicionalmente dos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, 2022/2023 (crédito non dispoñible no momento da convocatoria pero que sí se prevé obter antes da concesión das axudas) e sen necesidade dunha nova convocatoria, tal como autoriza o Art. 58 do RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.8. A L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG n.º 19, do 29.01.2021), en vigor desde o 30.01.2021, modificou o Art. 2.2 da vixente Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dando unha nova redacción á súa letra a), que quedou redactada como segue:

«*Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial*».

Así as cousas, enténdese que as axudas escolares do Concello de Vigo participarían desa natureza *"asistencial"* e, polo tanto, non terían xa a consideración propiamente de *"subvencións"* para os efectos da L.38/2003 e da L.9/2007, aínda que, ó noso xuízo, en ausencia dunha normativa específica sobre este tipo de prestacións sociais, aquelas normas deberían seguir operando como marco xurídico de referencia.

En calquera caso, dita modificación non ten por qué traducirse nun menor control sobre as axudas que se concedan, toda vez que, á marxe dos controis e xustificacións establecidos na propias Bases, o Art. 1 do RDL.39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas, deu unha nova redacción ó Art. 7.y) da L.35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, reforzando a obriga das Administracións autonómicas e Entidades Locais de comunicarlle á AEAT a información sobre as axudas concedidas para atender a colectivos en risco social, mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións) e identificando estas axudas coa clave "L" e a subclave 22 (*"L22 - axudas establecidas por Comunidades Autónomas ou por entidades locais para atender, consonte a súa normativa, a colectivos en risco de exclusión social, situa-*

*cións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade cando eles e as persoas ó seu cargo, carezan de medios económicos suficientes, que estean exentas en virtude do establecido no primeiro parágrafo da letra y) do artigo 7 da LIRPF”*).

O teor literal dese Art. 7, letra y) da LIRPF (*“Rentas exentas”*) é o seguinte:

*«Estarán exentas las siguientes rentas: (…) y) La prestación de la Seguridad Social del Ingreso Mínimo Vital, las prestaciones económicas establecidas por las Comunidades Autónomas en concepto de renta mínima de inserción para garantizar recursos económicos de subsistencia a las personas que carezcan de ellos, así como las demás ayudas establecidas por estas o por entidades locales para atender, con arreglo a su normativa, a colectivos en riesgo de exclusión social, situaciones de emergencia social, necesidades habitacionales de personas sin recursos o necesidades de alimentación, escolarización y demás necesidades básicas de menores o personas con discapacidad cuando ellos y las personas a su cargo, carezcan de medios económicos suficientes, hasta un importe máximo anual conjunto de 1,5 veces el indicador público de rentas de efectos múltiples. Asimismo, estarán exentas las ayudas concedidas a las víctimas de delitos violentos a que se refiere la Ley 35/1995, de 11 de diciembre, de ayudas y asistencia a las víctimas de delitos violentos y contra la libertad sexual, y las ayudas previstas en la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, y demás ayudas públicas satisfechas a víctimas de violencia de género por tal condición».*

I.9. Polo demais, o contido material destas Bases é moi semellante ó do anterior exercicio 2022/2023. As únicas novidades reseñables serían as seguintes:

- Actualízase o requisito relativo á capacidade económica das unidades familiares de convivencia, de acordo coas contías actuais de RISGA (2023: 5.630,40€), eliminado a referencia á porcentaxe que representa do IPREM (na actualidade, o 78,2%). Afecta á Base Sexta.

- Increméntase a contía da axuda máxima de comedor, que pasa a ser de 45€ (antes: 41€), agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán 33€ (antes: 29€), por ter menos días lectivos (afecta ás Bases Décimo terceira e Décimo quinta).

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCE-

LLO DE VIGO – CURSO 2023/2024», elaboradas polo Sevizo de Benestar Social do Concello de Vigo, co texto que figura nos documentos incorporados cos trámites núms. 7 (Bases) e 9-11 (Anexos I, II e III) ó Exp. nº 250717/301 (2023).

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 135.000€ para axudas de libros e material escolar ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.292.589,40€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor, curso 2023/2024. Desta cantidade, 604.209,40€ imputaranse ó exercicio de 2023 e o resto, 688.380,00€, ó exercicio de 2024. A contía do ano 2024 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio. As dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

CUARTO: Aprobar a convocatoria deste Programa de axudas escolares municipais para o Curso 2023/2024 que deberá ser publicada no BOP de Pontevedra, no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e no “Portal de Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo. Os créditos iniciais poderán incrementarse cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 200.000€.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2023-2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro)

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

III

O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de trinta anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Así as cousas, un ano máis promóvese desde a Concellería de Política de Benestar Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido polas Bases do Programa, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificada pola L.4/2021, do 28 de xaneiro), os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación a este tipo de prestacións sociais.

**BASES**

**PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.**

Estas Bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso escolar 2023-2024.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e de conciliación da súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das axudas de comedor é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

**SEGUNDA.- Programas de axudas.**

Serán de dous tipos:

◆ Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa). No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, zapatillas deportivas, material informático e material funxible, mochila, uniforme, máscaras, etc.).

◆ Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

**TERCEIRA.- Publicidade e prazo.**

A publicación das presentes Bases realizarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web do Concello de Vigo. Anunciarase igualmente por eses medios a convocatoria e o prazo de presentación de solicitudes, que será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte á publicación oficial daquela.

As axudas que se concedan a través deste programa, unha vez resoltas, publicaranse no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web municipal, con expresión do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante – pai, nai ou titor – (ordenadas numericamente), expediente de servizos sociais, número de documento na xestión municipal, colexio, finalidade da axuda (libros, material escolar e comedor ou ambas) e resolución recaída (concedida, denegada -motivo- ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

**CUARTA.- Destinatarios de comedor.**

O programa de axudas para comedores escolares intégrase coas modalidades A) e B), que deben reunir os requisitos que a seguir se sinalan:

Modalidade A): Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade B): Con carácter excepcional e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación de solicitudes e resoltas as axudas da modalidade A), poderán solicitarse axudas para comedor con carácter excepcional (Modalidade B) a partir do día seguinte ó acordo de resolución pola Xunta de Goberno Local das axudas ordinarias. Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar o motivo da excepcionalidade na solicitude.

Os/as alumnos/as deberán estar matriculados/as no curso 2023-2024 en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa) — 3 a 5 anos
- Educación Primaria (1º a 6º) — 6 a 12 anos

➢Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º) 12 a 16 anos

**QUINTA.- Compatibilidade e tratamento fiscal.**

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o propio Concello de Vigo a través da "Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca" (FOANPA), comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo no caso de ter percibido outra axuda.

Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

Tampouco poderán acceder os/as alumnos/as suxeitos a calquera medida de protección de menores resolta pola Xunta de Galicia, agás aqueles que estean suxeitos ó réxime de acollemento familiar, tanto en familia extensa como en familia allea, que cumprirán os requisitos xerais que se recollen na Base sexta.

A teor do disposto no Art. 7, letra y) da L.35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, na redacción dada polo Art. 1 do RDL.39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas, están exentas de IRPF, entre outras, as axudas establecidas pola entidades locais para atender as necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores por carecer as súas familias de medios económicos suficientes e ata un importe máximo anual conxunto de 1,5 veces o IPREM.

**SEXTA.- Requisitos xerais.**

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:

- Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Servizo de Benestar Social).
- Convivir cós/cás alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.

- Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do subsidio básico da RISGA (2023: 5.630,40€). No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (2023: 5.630,40€).

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados desde a Axencia Tributaria consten como "Contribuíntes sen imputacións de renda" (sen datos), sempre e cando os outros membros da unidade de convivencia da solicitude consten sen ingresos.

| UNIDADE FAMILIAR | IMPORTE MÁXIMO MENSUAL | IMPORTE MÁXIMO ANUAL |
|---|---|---|
| 3 | 1.407,60€ | 16.891,20€ |
| 4 | 1.876,80€ | 22.521,60€ |
| 5 | 2.346,00€ | 28.152,00€ |
| 6 | 2.815,20€ | 33.782,40€ |
| 7 | 3.284,40€ | 39.412,80€ |
| 8 | 3.753,60€ | 45.043,20€ |
| 9 | 4.222,80€ | 50.673,60€ |
| 10 | 4.692,00€ | 56.304,00€ |

A renda *per cápita* da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do último exercicio fiscal (2022), descontando os gastos de vivenda, entre o número de membros computables.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) terase en conta a base impoñible xeral (435) e base impoñible de aforro (460).

Teranse en conta os gastos xustificados en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constitúa o seu domicilio habitual, ata un máximo de cincocentos euros ó mes (500€/mes).

Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmoble que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se terían en conta eses gastos.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro trimestre do ano 2023.

Para os efectos destas axudas enténdese por *"unidade familiar de convivencia"*:

- A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolledores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos, sempre que sigan cumprindo o requisito do empadroamento. De non ser así, non se terá en conta ó membro da unidade familiar no que concorra esta circunstancia.

Tendo en conta a natureza destas axudas e a súa finalidade, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003) e, concretamente, no Art. 2.2.a) da LSG (L.9/2007), modificado pola L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

**SÉTIMA.- Solicitude e documentación.**

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

Só se aceptará unha (1) solicitude por unidade de convivencia. No caso de que se presenten máis acumularanse, tramitándose a primeira presentada no Rexistro.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

7.1. DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante e dos membros maiores de dezaoito (18) anos, sempre que non consten xa na base de datos do Servizo de Benestar Social.

7.2. Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento, sempre que non consten na base de datos do Servizo.

7.3. Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar.

7.4. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2022 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia **(*).**

(*) A documentación indicada nos apartados 7.3 e 7.4 só deberán presentala as persoas solicitantes que non autoricen ó Concello de Vigo para obter directamente os documentos e certificados necesarios doutras Administracións Públicas.

7.5 No caso de solicitar axuda de libros e material escolar achegarase documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda (pai, nai ou titor).

7.6. De ser o caso, contrato de aluguer e dous (2) xustificantes das transferencias bancarias ou recibos pagados dos dous (2) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo de presentación de solicitudes.

Non se terán en conta os recibos de aluguer cando nos mesmos non consten os seguintes datos:

- Identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura)
- Identificación do/a arrendataria/o (inquilino/a)
- Enderezo da vivenda alugada
- Mes e importe pagado.

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito, deberá achegarse debidamente cuberto o Anexo II (contratos verbais).

7.7. De ter hipoteca sobre a vivenda habitual, achegará:

•Xustificante selado e asinado pola entidade bancaria (Anexo III).
•Recibos de pagamento dos dous (2) meses anteriores á apertura do prazo da presentación de solicitudes, acreditativos do gasto realizado en concepto de amortización da hipoteca da vivenda habitual.

7.8. No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:

•Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.
•Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
•Certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas

7.9. No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos vintecatro (24) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares.

Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos vintecatro (24) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas, agás casos excepcionais que serán acreditados polas profesionais do “Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller”.

7.10. No caso de separación ou divorcio deberá presentar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

7.11. De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.

7.12. Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Servizo de Benestar Social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

**OITAVA.- Presentación de solicitudes.**

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

**NOVENA.- Tramitación e subsanación de solicitudes.**

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Servizo de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se enmende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (Art. 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

**DECIMA.- Criterios de valoración.**

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda *per cápita* dos ingresos do ano 2022 dos compoñentes da unidade familiar de convivencia.

No caso de acreditar unha deterioración da capacidade económica da unidade familiar, no sentido indicado na Base sexta, a renda *per cápita* considerada será a correspondente o primeiro trimestre do ano 2023.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Para estes mesmos efectos, computará por dous cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

Nas unidades familiares monomarentais ou monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar de convivencia.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda *per cápita* da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederase por maior número de membros da unidade familiar.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración.**

A Comisión de Valoración quedará integrada pola Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social, que actuará como presidenta, o Xefe de Área de Benestar Social, a Xefa deste Servizo e a técnica responsable do programa. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

**DÉCIMO SEGUNDA.- Tramitación e resolución das axudas.**

12.1. O/a instrutor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na Base décima e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas. O/a instrutor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social, de considerarse necesario.

12.2. Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na Base décimo primeira.

12.3. A proposta de resolución conterá unha relación na que figure a renda *per cápita anual* da unidade familiar de convivencia (ordenada de menor a maior), número de expediente en Servizos Sociais, número de documento na xestión municipal, colexio, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- Concedidas: sinalarase a axuda individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no pode superar o crédito consignado.

- Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación:

- A solicitude foi presentada fóra de prazo.
- Non achegan a documentación requirida.
- Non estar empadroados/as.
- Matriculado nun centro privado sen concerto.
- Superar os ingresos.
- O centro non conta co servizo de comedor.
- O/a alumno/a non está matriculado/a nun centro educativo do termo municipal de Vigo.
- Por non acreditar o cumprimento do requisito de excepcionalidade.
- Libros: o curso que se solicita non se inclúe nas axudas deste programa.

•Libros: na modalidade excepcional, non son obxecto de axuda.

-Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda *per cápita*, de menor a maior. Os/as beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar e comedor que se atopen en lista de agarda, pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario.

12.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta da instrutora do procedemento e previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (*"Becas, libros, comedor"*) do orzamento de Benestar Social do Concello e, de ser o caso, ás outras aplicacións dispoñibles.

12.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

12.6. Modalidade B) de comedor con carácter excepcional.

A Concelleira de Política de Benestar Social resolverá, por proposta do Servizo instrutor do procedemento, a inclusión dos/a alumnos/as na lista de agarda ou a denegación da axuda.

Darase conta á Xunta de Goberno Local das axudas de comedor nesta modalidade B), cos seguintes datos: data resolución da Concelleira, número de expediente en Servizos Sociais, número de expediente na xestión municipal e sentido da resolución (concedida/denegada).

**DECIMO TERCEIRA.- Contía, pagamento das axudas e xustificación.**

**- Contía para libros e material escolar:**

Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) ....................................... 100,00 € / alumno/a.

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda, previa presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia beneficiaria, o pagamento da axuda farase coa autorización por escrito do/a beneficiario/a, ó/á profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pagamento directamente ó establecemento subministrador do material escolar.

Nos supostos en que os pais compren os libros nos centros escolares, deberán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla a identificación do/a pai/nai/titor (solicitante da axuda), alumno/a, importe pagado e concepto.

**- Contía para comedor:**

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de 45€, agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán 33€ por ter menos días lectivos.

A diferencia, de existir, entre o prezo da praza do comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

- Pagamento das axudas de comedor ás entidades colaboradoras e seguimento:

As axudas concédense ás familias e pagaranse ós centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos nos correspondentes convenios. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar, coa periodicidade que se estableza, as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ó Servizo de Benestar Social.

O pagamento das axudas de comedor realizarase mediante transferencia desde a conta habilitada do Servizo de Benestar Social á conta corrente que indique cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

O pagamento ós centros educativos farase en tres (3) prazos:

- Primeiro pagamento (setembro-decembro), ata unha porcentaxe máxima do 50% do importe correspondente á resolución das axudas de comedor de cada centro educativo, aprobada pola Xunta de Goberno Local. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

- Segundo pagamento (xaneiro-marzo), ata unha porcentaxe máxima do 80% de todas as axudas concedidas para o curso escolar e previo reaxuste das cantidades do primeiro pagamento. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do trimestre.

- Terceiro pagamento (abril-xuño), unha vez rematado o curso escolar reaxustaranse os pagamentos a cada centro educativo ata completar o 100% do importe total de todas as axudas de comedor concedidas a cada centro educativo, tendo que reintegrar, de ser o caso, as cantidades pagadas anticipadamente polo Concello das axudas concedidas ós/ás alumnos/as que non utilizaron o servizo de comedor.

No segundo e terceiro pagamento reaxustaranse as axudas de comedor nos centros educativos debido ós seguintes motivos:

- Baixas que se van producindo ó longo do curso.
- Traslados dos/as alumnos/as a outros centros educativos. O traslado de centro docente ó longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a, a perda da axuda, sempre

e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ó Servizo de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, xurdirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte. Se o/a alumno/a se trasladase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do pagamento do comedor.

•Novas altas, que comunicará o Concello ós centros (recursos, modalidade excepcional, lista de agarda).

O Servizo de Benestar Social enviará a cada centro escolar a mes vencido, as listas actualizadas dos/as alumnos/as con axudas de comedor, unha vez recibidas as incidencias mensuais dos colexios e a comunicar as novas altas, se as houbera.

As direccións dos centros emitirán unha certificación mensual ó longo do curso escolar nas que se fará constar a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as usuarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor.

A Concellería de Política de Benestar Social porá a disposición dos directores dos centros un modelo de certificado que facilite a tramitación telemática das certificacións.

Para o caso de que durante o curso escolar 2023-2024 se producise unha situación semellante á padecida por causa da COVID-19 que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 *(“Becas, libros, comedor”)*, ou, de ser o caso, ás outras aplicacións dispoñibles.

**DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións.**

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

**DÉCIMO QUINTA.- Obrigas dos/as beneficiarios/as.**

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas as previstas nestas Bases e na restante normativa de aplicación e, entre elas, as seguintes:

•O/a alumno/a que teña concedida a axuda de comedor (45€/mes, agás os meses de decembro e abril), ten a obriga de gastar o importe total mensual da axuda dentro do mes.
•Comunicar ó Servizo de Benestar Social ou ó centro educativo a baixa.
•O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ó que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o Consello escolar do centro poderá adoptar as medidas que considere oportunas.

•O pagamento, por parte do pai, nai ou titor, da diferencia, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda a percibir.

**DÉCIMO SEXTA.- Revogación e réxime sancionador.**

No caso das axudas de libros e material escolar, revogarase a axuda concedida cando esta non fose destinada ó fin para a que foi concedida.

De ser o caso, serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**DÉCIMO SÉTIMA.- Norma final.**

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, o Plan Estratéxico de subvencións 2021 – 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2023-2024.

**Bases reguladoras.**

As Bases reguladoras das AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2023/2024 foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión do ………..….. e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º ………. do ………….

**Crédito orzamentario.**

O importe total das axudas para conceder non excederá do límite de 1.327.589,40€ e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 *"Becas, libros, comedor"* e, de ser o caso, ás outras aplicacións dispoñibles. Tendo en conta o crédito do que se dispoña no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento. Poderase incrementar o crédito inicial cos eventuais importes so-

brantes do programa de axudas do exercicio anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 200.000 €.

**Obxecto e destinatarios.**

As bases aprobadas teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio en Vigo, para o curso 2023/2024.

**Réxime de concesión.**

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

**Requisitos.**

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:

- Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Servizo de Benestar Social).
- Convivir cós/cás alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.
- Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do subsidio básico da RISGA (2023: 5.630,40€). No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (2023: 5.630,40€).

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados desde a Axencia Tributaria consten como “Contribuíntes sen imputacións de renda” (sen datos), sempre e cando os outros membros da unidade de convivencia da solicitude consten sen ingresos.

| UNIDADE FAMILIAR | IMPORTE MÁXIMO MENSUAL | IMPORTE MÁXIMO ANUAL |
|---|---|---|
| 3 | 1.407,60€ | 16.891,20€ |
| 4 | 1.876,80€ | 22.521,60€ |
| 5 | 2.346,00€ | 28.152,00€ |
| 6 | 2.815,20€ | 33.782,40€ |
| 7 | 3.284,40€ | 39.412,80€ |
| 8 | 3.753,60€ | 45.043,20€ |
| 9 | 4.222,80€ | 50.673,60€ |
| 10 | 4.692,00€ | 56.304,00€ |

**Instrución e resolución: órganos competentes**.

O órgano competente para a instrución do procedemento será o Servizo de Benestar Social. O órgano instrutor incorporará un informe no que se acredite que, da documentación que ten no seu poder, despréndese que todos/as os/as beneficiarios/as cumpren os requisitos estipulados. A proposta de resolución para a concesión das axudas corresponderá ó órgano instrutor previa avaliación da Comisión de Valoración. A Xunta de Goberno Local acordará conceder ou desestimar e crear a lista de espera das axudas con cargo á aplicación e polo importe máximo sinalado nas Bases.

**Presentación de solicitudes e prazo**.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 do a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación oficial da convocatoria.

**Prazo de resolución e notificación.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima ós/ás interesados/as para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

**Solicitude e documentación.**

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia. Xunto coa solicitude achegarase a documentación establecida nas Bases.

**Recursos.**

Contra as Bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderanse interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

**Criterios de valoración e distribución das axudas.**

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda *per cápita* dos ingresos dos compoñentes da unidade familiar de convivencia. No caso de acreditar unha deterioración significativa da capacidade económica da unidade familiar, a renda *per cápita* considerada será a correspondente ó primeiro trimestre do ano 2023.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dúas os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dúas cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

Nas unidades familiares monomarentais ou monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar de convivencia.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior contía. No caso de igualdade de ingresos, concederanse por maior número de membros da unidade familiar.

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada entre as persoas beneficiarias.

1.- Contía para libros e material escolar: 100,00€/ alumno/a.
2.- A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de 45€, agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán 33€ por ter menos días lectivos. A diferenza, de existir, entre o prezo da praza de comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

**Publicidade.**

As axudas que se concedan a través deste programa unha vez resoltas, publicaranse na páxina web do Concello, no taboleiro de Anuncios e Editos e nos Centros de Servizos Sociais Municipais, con expresión do DNI/NIE/pasaporte do solicitante (ordenado numericamente)/expediente/colexio/finalidade da axuda (libros, material escolar ou comedor ou ambas) e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

## 4(338).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE. EXPTE.1533/2202.

Visto o informe de fiscalización de data 03/05/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)

**<u>LEXISLACIÓN APLICABLE</u>**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

> "***Primeiro***.- *Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de vixilancia da saúde para o persoal do Concello de Vigo por parte dun Servizo de Prevención Alleo (expediente 1533/2202).*
>
> ***Segundo***.- *Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 21/09/2022.*
>
> ***Terceiro***.- *Autorizar o gasto por un importe de 747.488,25€ (exento de IVE) de acordo ás seguintes anualidades:*
>
> - *Ano 2023: 186.872,06 euros*
> - *Ano 2024: 249.162,75 euros*
> - *Ano 2025: 249.162,75 euros*
> - *Ano 2026: 62.290,69 euros*
>
> *Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 2210.1600800 "Asistencias médica do persoal" do orzamento de gastos do Concello de Vigo.*
>
> ***Cuarto***.- *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** En data 18 de novembro de 2022, D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISONOR, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a licitación do presente procedemento.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 16 de decembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

> *"1º.-Tomar razón da Resolución nº 221/2022 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 209/2022, interposto por PREVISONOR, S.L. contra os pregos da contratación dun servizo de prestación da especialidade da vixilancia da saúde de todo o persoal do Concello de Vigo, expediente 1533-2202 do Concello de Vigo.*
>
> *Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.*
>
> *Transcríbese a continuación o acordo:*

*1. Inadmitir o recurso interposto por PREVISONOR, S.L. contra os pregos da contratación dun servizo de prestación da especialidade da vixilancia da saúde de todo o persoal do Concello de Vigo, expediente 1533-2202 dese Concello.*
*2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.*

*2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación e continuar coa tramitación do mesmo."*

**Cuarto.-** En data 13 de decembro de 2022, D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISONOR, S.L., solicita que o órgano de contratación declare a nulidade de pleno dereito do expediente, pois na súa opinión, os pregos contradixen o ordenamento xurídico e producen un efecto lesivo para o administrado por canto atentan contra os dereitos dos traballadores adscritos á prestación do servizo. Así mesmo, alega que a inadmisión do recurso por extemporáneo débese a que no anuncio de licitación fixouse como data de interposición do recurso contra os pregos o 18 de novembro, data na que se interpuxo o recurso.

**Quinto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 12 de xaneiro de 2023, acorda o seguinte:

*"1º.- Inadmitir a solicitude de nulidade do procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde, presentada o 13 de decembro de 2022 por D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISONOR, S.L., por non estar incluídos as causas de nulidade alegadas entre as previstas nos artigos 39 da LCSP e 47.1 da LPAC.*
*2º.- Non procede a petición de ditame do Consello Consultivo por canto estas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 47.1 da LPAC."*

**Sexto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 26 de xaneiro de 2023, acorda o seguinte:

*"Adxudicar a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (B-27.222.827) o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1533-2202) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 627.023,49 euros, estando exento de IVE.*
*b) Incrementa a experiencia do/a DUE a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en 1 ano de experiencia.*
*c) Incrementa a experiencia do/a médico/a a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (6 meses) en 3 anos e 6 meses de experiencia.*
*d) Comprométese a achegar os seguintes protocolos propios de vixilancia sanitaria específica para os riscos nos que non existan protocolos de vixilancia sanitaria específica aprobados polo Ministerio de Sanidade:*

- *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a condución de vehículos.*
- *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a realización de traballos en altura e traballos verticais.*
- *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a tenencia e uso de arma de fogo do persoal da Policía Local.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno, a oferta presentada e a sua valoración".*

**Sétimo.-** Con data do 14 de febreiro de 2023 QUIRÓN PREVENCIÓN SL interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo de adxudicación deste procedemento.

**Oitavo.-** Mediante resolución nº 47/2013, do 16 de marzo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL) estimou parcialmente o recurso interposto por QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L. A Xunta de Goberno local na sesión do 23 de marzo de 2023 adoptou o seguinte acordo:

*"1º.-Tomar razón da Resolución nº 47/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 32/2023, interposto por QUIRÓN PREVENCIÓN SL contra a adxudicación da contratación titulada "A prestación da especialidade de Vixilancia da Saúde de todo o persoal do Concello de Vigo", expediente 1533-2202. Na mesma o TACGAL estima parcialmente o recurso.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

*1. Estimar parcialmente o recurso interposto por QUIRÓN PREVENCIÓN SL contra a adxudicación da contratación titulada "A prestación da especialidade de Vixilancia da Saúde de todo o persoal do Concello de Vigo", expediente 1533-2202 dese Concello.*

*2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .*

*3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.*

*2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de retrotraer as actuaciós do expediente ao momento de ao momento de valoración do sobre C e tendo en conta o resolución 47/2023 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia".*

**Noveno.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*"Único.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202) na seguinte orde descendente:*

| *Orde* | *Licitadores* | *Puntuación* |
|---|---|---|
| *1* | *IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.* | *95,00 puntos* |
| *2* | *QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.* | *87,48 puntos* |
| *3* | *PREVISONOR, S.L.* | *77,62 puntos* |
| *4* | *GEROSALUD, S.L.* | *52,45 puntos* |

*Dado que a orde de clasificación non variou respecto da clasificación acordada o 19 de decembro de 2022, previa á resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia 47/2023, do 16 de marzo, e este procedemento xa fora adxudicado a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. por ter presentado correctamente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP, non procede esixirlle novamente a documentación".*

**Décimo.-** A Mesa de Contratación na sesión do 20 de xaneiro de 2023 acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Comprobado que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. como a solicitada de oficio pola Administración municipal é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante fórmula, de data 24 de abril de 2023.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (B-27.222.827) o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1533-2202) coas seguintes condicións:*
>
> *a) O prezo total do contrato é de 627.023,49 euros, exento de IVE.*
>
> *b) Incrementa a experiencia do/a médico/a especialista en medicina do traballo a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en máis de 15 anos de experiencia.*
>
> *c) Incrementa a experiencia do/a DUE a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en máis de 15 anos de experiencia.*
>
> *d) Comprométese a achegar os seguintes protocolos propios de vixilancia sanitaria específica para os riscos nos que non existan protocolos de vixilancia sanitaria específica aprobados polo Ministerio de Sanidade*
>
> - *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a condución de vehículos.*
> - *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a realización de traballos en altura e traballos verticais.*
> - *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a tenencia e uso de arma de fogo do persoal da Policía Local.*
>
> *e) Incrementa a experiencia do/a médico/a a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (6 meses) en máis de 3 anos de experiencia.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno, a oferta presentada e a sua valoración".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(339).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ESPAZOS RECREATIVOS DE AUGA, MOBILIARIO URBANO, E FONTES ORNAMENTAIS DAS ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 6846/241.**

Visto o informe de fiscalización do 08/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 04/05/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e coa conformidade xurídica da letrada-xefa de Asesoramento, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446) (PPT)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 14 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446).

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 17 de decembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

> *"[...] Adxudicar a FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. (A-80.241.789) o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446) coas seguintes condicións:*
>
> *a) O prezo total do contrato é de 5.068.283,15 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 879.619,39 euros.*
> *b) Propón un incremento do número de horas aportadas a maiores das esixidas na bolsa de horas para traballos extraordinarios de 300 horas anuais.*
> *c) Propón un incremento do importe económico destinado a maquinaria para traballos extraordinarios de 800 euros anuais.*
> *d) Propón un incremento da porcentaxe destinada aos programas de comunicación para fomentar o uso responsable dos espazos obxecto do contrato de 0,3%.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o día 21 de xaneiro de 2021 por un prazo de 5 anos, contado a partir do día 1 de febreiro de 2021, agás as prestacións vinculadas á "Conservación e reposicións de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urban" que comezaron o 1 de maio de 2021. Non se contempla posibilidade de prórroga.

**Cuarto.-** En data 30 de decembro de 2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo:

> *"Tomar razón da sucesión por transmisión da unidade económica de FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. a favor de Compañía Española de Servizos Públicos Auxiliares, S.A., responsabilizándose solidariamente da execución do contrato de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 17 de decembro de 2020".*

**Quinto.-** En data 21 de abril de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo:

*a) "Tomar razón do cambio de denominación social de CESPA SA a PREZERO ESPAÑA SA como empresa contratista do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446).*

*b) Notificar este acordo ao interesado, á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal, non resultando preciso o cambio da garantía definitiva a nome da nova persoa xurídica dado que mantén o mesmo CIF".*

**Sexto.-** O 27 de abril de 2023 o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, coa conformidade do concelleiro delegado, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor dos "*reaxustes en superficies das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogo, áreas biosaudables ou áreas deportivas, así como de incorporación de novas áreas deportivas e paneis fotovoltaicos*".

**Sétimo.-** Con data 28 de abril de 2023 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 2 de maio.

**Oitavo.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta mediante escrito presentado o 2 de maio de 2023 (documento nº 230120853).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### -I-
### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

## -II-
## Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigo 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato debido ás seguintes circunstancias (apartado 15.C da FEC):

- *"Alteracións producidas na superficie das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes*

*ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogos, áreas biosaudables ou áreas deportivas”*

- *“Incorporación de novas áreas de xogo, áreas biosaudables, áreas recreativas de auga ou unidades de mobiliario urbano e fontes ornamentais*”

Sinalando como <u>aspectos</u> a modificar (apartado 15.B da FEC):
“*diminución ou <u>incremento</u> de espazos, instalacións ou equipamentos obxecto deste contrato*”

Establecéndose como <u>límite</u> da modificación o 20% (apartado 15.D da FEC)
E como <u>especialidades</u>:

- *“O adxudicatario, a petición do Concello de Vigo, deberá proceder a realizar un estudo de necesidades e rendementos derivadas dos servizos a executar sobre as zoas, instalacións ou equipamento obxecto da solicitude. O estudo deberá establecer cales son os m2 vinculados, así como os rendementos adecuados, os cales deberán atoparse xustificados na aplicación de rendementos reais de superficies equiparables do servizos incluídos no PLAN DE SERVIZOS vixente en cada momento. A dito informe sobre m2 de superficies e rendementos se lles aplicará a proposta de frecuencias demandadas polo Concello de Vigo a través do responsable do contrato, do cal se determinará o custe para a realización dos servizos obxecto da modificación”.*
- A modificación obxecto deste informe vén motivada polos “*reaxustes en superficies das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogo, áreas biosaudables ou áreas deportivas, así como de incorporación de novas áreas deportivas e paneis fotovoltaicos*”.

Informa ao respecto o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, na data 27 de abril de 2023 o seguinte:

*Na Cláusula 15. das FEC (follas de características do contrato) especifícase a modificación do contrato:*
*A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*
*B) ASPECTOS A MODIFICAR: diminución ou incremento de espazos, instalacións ou equipamentos obxecto deste contrato*
*C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*
*Alteracións producidas na superficie das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogos, áreas biosaudables ou áreas deportivas.*
*Incorporación de novas áreas de xogo, áreas biosaudables, áreas recreativas de auga ou unidades de mobiliario urbano e fontes ornamentais.*
*D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: a porcentaxe máxima de modificación do contrato non superará o 20% do prezo de adxudicación do contrato*
*O prego de prescricións técnicas contempla a posibilidade de modificación do contrato indicando que: “O adxudicatario admitirá e asumirá para a súa supervisión, conservación, mantemento e reposición, toda zona ou elemento de nova creación ou instalación de simila-*

*res características aos existentes que, con motivo de obra nova, ampliacións, reformas, recepcións de urbanizacións, adquisicións de todo tipo, u outras fórmulas legalmente previstas, incrementen as areas, volumes ou número de unidades de actuación municipal dentro de cada zona; igualmente aquelas que a concellería, por proposta do departamento de Montes, Parques e Xardíns aconselle que a súa conservación e reposición se realice con medios alleos ao Concello, nas mesmas condicións que o resto da adxudicación, coa correspondente valoración individual.*

*O pago destes servizos comezará a ser efectivo unha vez que se aprobe polo órgano de contratación a modificación contractual de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, aplicando o pago dende a aprobación do gasto polo citado órgano.*

*As novas superficies que deben ser incorporadas ao contrato pasarán a ser obxecto de conservación, mantemento e reposición por parte da adxudicataria de maneira inmediata dende a data de comunicación oficial, por parte do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, unha vez aprobada a modificación polo órgano competente, con independencia do resultado da inspección que poida realizar o persoal da empresa adxudicataria, así como das posteriores responsabilidades que deban asumir os entes executores das novas zonas. Procederase a inventariar e comprobar o estado das zonas con todos os elementos que a conforman.*

*O cálculo do valor económico da ampliación farase aplicando ao valor da superficie a ampliar ou detraer para cada tipoloxía, o prezo unitario correspondente segundo o previsto no apartado 3.G) das FEC; prezo sobre o que se aplicará a porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario sobre o contido económico inicial do contrato, contemplado no apartado 3.A) das citadas FEC.*

*Os prezos unitarios ofertados por FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U., e aprobados pola XGL na súa sesión de data 17 de decembro de 2020, supoñen unha* ***baixa do 3,00%*** *sobre o orzamento inicial. Aplicando esta porcentaxe de baixa, os prezos unitarios correspondentes a cada unha das tipoloxías da licitación son:*

| ***Tipoloxía*** | ***Prezo unitario*** | ***Baixa Adxudicación*** | ***Prezo unitario vixente*** |
|---|---|---|---|
| *Parques Infantís* | *7,90 €/m$^2$* | *3,00%* | *7,66 €/m$^2$* |
| *Areas Biosaudables* | *7,90 €/m$^2$* | *3,00%* | *7,66 €/m$^2$* |
| *Areas Deportivas* | *4,20 €/m$^2$* | *3,00%* | *4,07 €/m$^2$* |
| *Palcos* | *11,50 €/m$^2$* | *3,00%* | *11,16 €/m$^2$* |
| *Bancos* | *25,04 €/ud* | *3,00%* | *24,29 €/ud* |
| *Bebedoiros* | *10,00 €/ud* | *3,00%* | *9,70 €/ud* |
| *Fontes Ornamentais* | *8,21 €/m$^2$* | *3,00%* | *7,96 €/m$^2$* |
| *Espazos Recreativos de auga* | *25,52 €/m$^2$* | *3,00%* | *24,75 €/m$^2$* |
| *Paneis Fotovoltaicos* | *637,05 €/ud* | *3,00%* | *617,94 €/ud* |

Concello de Vigo

2.1.-PROPOSTA DE VALORACIÓN ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN

*As superficies ampliadas e/ou detraídas, respecto ao listado definitivo incluído no expediente da licitación (expediente 12887/446), detállanse a continuación e son consecuencia de reaxustes en superficies das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogo, áreas biosaudables ou áreas deportivas, así como de incorporación de novas áreas deportivas e paneis fotovoltaicos.*

*As zonas obxecto de modificación aparecen detalladas nos anexos que se incorporan co presente informe, e na elaboración destes anexos tívose en conta os datos remitidos pola empresa para dar cumprimento á cláusula 15.E) das FEC do Prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato 12887/446.*

| Áreas de Xogo | Listado da adxudicación | Listado da modificación | Superficie actualizada |
|---|---|---|---|
| Parques Infantís | 49.782,43 $m^2$ | 2.959,43 $m^2$ | 52.741,86 $m^2$ |
| Áreas Biosaudables e Ximnásticas | 16.044,63 $m^2$ | -626,88 $m^2$ | 15.417,75 $m^2$ |
| Áreas Deportivas | 50.844,20 $m^2$ | 10.088,03 $m^2$ | 60.932.23 $m^2$ |
| Palcos | 2.188,56 $m^2$ | 334,47 $m^2$ | 2.523,03 $m^2$ |
| Bancos | 3.326 ud | 64 ud | 3.390 ud |
| Bebedoiros | 23 ud | 1 ud | 24 ud |
| Fontes Ornamentais | 15.625,60 $m^2$ | 1.754,47 $m^2$ | 17.380,07 $m^2$ |
| Espazos Recreativos de auga | 4.275,76 $m^2$ | 0,00 $m^2$ | 4.275,76 $m^2$ |
| Paneis Fotovoltaicos | 4 ud | 8 ud | 12 ud |

*Os importes correspondentes as superficies modificadas son:*

| Áreas de Xogo | Superficie da modificación | Importe Tipoloxía | Importe anual |
|---|---|---|---|
| Parques Infantís | 2.959,43 $m^2$ | 7,66 €/$m^2$ | 22.669,23 € |
| Áreas Biosaudables | - 626,88 $m^2$ | 7,66 €/$m^2$ | - 4.801,90 € |
| Áreas Deportivas | 10.088,01 $m^2$ | 4,07 €/$m^2$ | 41.058,20 € |
| Palcos | 334,47 $m^2$ | 11,16 €/$m^2$ | 3.732,69 € |
| Bancos | 64 ud | 24,29 €/ud | 1.554,56 € |
| Bebedoiros | 1 ud | 9,70 €/ud | 9,70 € |
| Fontes Ornamentais | 1.754,47 $m^2$ | 7,96 €/$m^2$ | 13.965,58 € |
| Espazos Recreativos de auga | 0,00 $m^2$ | 24,75 €/$m^2$ | 0,00 € |
| Paneis Fotovoltaicos | 8 ud | 617,94 €/ud | 4.943,52 € |
| TOTAL | | | 83.131,58€ |

*O importe económico anual resultado dos cambios de superficie desta modificación é de 83.131,58€/ano. (6.927,63 €/mes). A determinación do prezo total da ampliación quedará definida polo prazo de inicio do contrato. Estímase que a prestación dos servizos en todas as áreas incorporadas á modificación iniciarase o vindeiro 15 de maio de 2023.*

| ***Ano de Aplicación*** | ***Período*** | ***Importe económico(€/ano)*** | ***% Adxudicación do prezo do contrato*** |
|---|---|---|---|
| *Ano 2023* | *Do 15 de maio ao 31 de Decembro (7,5 meses)* | *51.957,23 €* | *1,03%* |
| *Ano 2024* | *Do 1 de Xaneiro o 31 de Decembro* | *83.131,58 €* | *1,64%* |
| *Ano 2025* | *Do 1 de Xaneiro o 31 de Decembro* | *83.131,58 €* | *1,64%* |
| *Ano 2026* | *Do 1 de Xaneiro o 31 de Xaneiro* | *6.927,63 €* | *0,14%* |
| ***Total*** | | *225.148,02 €* | *4,45%* |

*A porcentaxe desta modificación (4,45%) non supera o 20% do prezo de adxudicación do contrato, porcentaxe máxima de modificación do mesmo que recolle o prego de cláusulas administrativas no apartado 15D das follas de características do contrato (FEC). O importe da modificación será imputable ao Concello e supón un total anual de 83.131,58 € e, polo tanto, un incremento na certificación mensual de 6.927,63 €; cantidade que se aboará ao contratista a partir da data de entrada en vigor do contrato da presente ampliación, trala sinatura previa do mesmo polas partes.*
*Este importe anual pódese cargar á partida 1710.2279902 MANTEMENTO DE PARQUES INFANTÍS E BIOSAUDABLES, BANCOS, FONTES.*
*En cumprimento da cláusula 29 "Persoal do contratista" do prego de cláusulas administrativas "en caso de que o persoal ofertado resultase insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente para dar a atención debida ao servizo, sendo ao seu cargo o incremento dos custes que se produza por tal causa". Do mesmo xeito deberá dispor dos medios materiais e vehículos necesarios para o cumprimento do nivel de calidade que indica o prego de prescricións técnicas".*

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece a *"reaxustes en superficies das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogo, áreas biosaudables ou áreas deportivas, así como de incorporación de novas áreas deportivas e paneis fotovoltaicos".*

- Supón un incremento do prezo do contrato de 225.148,02 euros, que equivale a un 4,45% do prezo do contrato, atopándose dentro do límite da porcentaxe

máxima de modificación, que é do 20%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

- Solicitouse estudo de necesidades e rendementos ao contratista que foi presentado o 17 de abril de 2023 (documento nº 230091213), de conformidade co previsto no apartado 15.E da FEC. Segundo se indica no informe do servizo xestor *"a empresa remitiu un estudo que unha vez examinado polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns considérase adecuado, se ben existe unha pequena desviación no importe de 52,15 € froito da realización de cálculos con máis de dous decimais".*

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias, límites e especialidades).

**-III-**
**Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque se trata dunha modificación prevista no PCAP.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: prestar servizos relativos á promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre dos cidadáns, materias nas que os municipios poden asumir competencias en virtude do disposto nos artigos 25.2.l da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2.m da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 225.148,02 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 1710.2279902 MANTEMENTO DE PARQUES INFANTÍS E BIOSAUDABLES, BANCOS, FONTES, coa seguinte distribución de anualidades:

| **Ano de Aplicación** | **Período** | **Importe económico (€/ano)** | **% Adxudicación do prezo do contrato** |
|---|---|---|---|
| Ano 2023 | Do 15 de maio ao 31 de decembro (7,5 meses) | 51.957,23 € | 1,03% |
| Ano 2024 | Do 1 de xaneiro o 31 de decembro | 83.131,58 € | 1,64% |
| Ano 2025 | Do 1 de xaneiro o 31 de decembro | 83.131,58 € | 1,64% |
| Ano 2026 | Do 1 de xaneiro o 31 de xaneiro | 6.927,63 € | 0,14% |
| **Total** | | **225.148,02 €** | 4,45% |

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

## -IV-
## Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o

acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do importe de adxudicación IVE excluído”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 9.303,64 euros.

**-V-**

**Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

**-VI-**

**Recursos**

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**-VII-**

**Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

**-VIII-**

**Proposta de resolución**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Modificar o contrato do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446), nos termos sinalados neste informe.*

*2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 225.148,02 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1710.2279902 MANTEMENTO DE PARQUES INFANTÍS E BIOSAUDABLES, BANCOS, FONTES, coa seguinte distribución de anualidades:*

| Ano de Aplica-ción | Período | Importe económico (€/ano) |
|---|---|---|
| Ano 2023 | Do 15 de maio ao 31 de decembro (7,5 meses) | 51.957,23 € |
| Ano 2024 | Do 1 de xaneiro o 31 de decembro | 83.131,58 € |
| Ano 2025 | Do 1 de xaneiro o 31 de decembro | 83.131,58 € |
| Ano 2026 | Do 1 de xaneiro o 31 de xaneiro | 6.927,63 € |
| **Total** | | **225.148,02 €** |

*Esta modificación representa un 4,45% do prezo do contrato.*

*3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 9.303,64 euros.*

*4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante, así como no Diario Oficial da Unión Europea".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(340).- DAR CONTA DO CAMBIO DE DENOMINACIÓN SOCIAL DA EMPRESA CONTRATISTA DO SERVIZO DE SOPORTE PARA O SISTEMA XESTOR DE CONTIDOS. EXPTE. 9825/113.**
Dáse conta do informe-proposta de data 08/05/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria de data 6 de outubro de 2022, adxudicou a ICTI INTERNET PASSION, S.L. (B-13327168) o procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9825-113)

O contrato formalizouse o 20 de outubro de 2022, iniciándose as prestacións nesa mesma data por un prazo dun (1) ano.

**Segundo.-** O 3 de maio de 2023, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello (documento nº 230121462) a empresa ICTI INTERNET PASSION, S.L. comunica que modificou a sua denominación social pola de AOKITEK DIGITAL, S.L.

Esta modificación formalizouse mediante a correspondente escritura pública, en data 8 de marzo de 2023, ante o Notario de Tomelloso D. Luis Enrique Mayorga Alcázar co número 363 do seu protocolo.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** De conformidade coa LCSP, o cambio de denominación social non afecta a ningún dos seus elementos esenciais, non constitúe ningún suposto de sucesión do contratista dos previstos no artigo 98 da LCSP que requira acordo expreso do órgano de contratación, estimando que, ao manter o CIF anterior, bastará unha mera toma de coñecemento do referido cambio.

**COMPETENCIA**

A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, proponse a adopción do seguinte acordo:

- *"Tomar razón do cambio de denominación social de ICTI INTERNET PASSION, S.L. a AOKITEK DIGITAL, S.L. como empresa contratista do servizo de soporte para o sistema xestor de contidos (9825-113).*

- *Notificar este acordo ao interesado, á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal, non resultando preciso o cambio da garantía definitiva a nome da nova persoa xurídica dado que mantén o mesmo CIF".*

<u>**ACORDO**</u>

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(341).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS A AXUDAS POLOS GASTOS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DA IMPOSIBILIDADE DE ADESTRAR NO CAMPO MUNICIPAL DAS TRAVESAS DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2022/2023. EXPTE. 22514/333.**

Visto o informe xurídico de data 21/04/2023 e o informe de fiscalización do 04/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/04/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 22514/333 sobre as Bases e a Convocatoria de subvencións orientadas a axudas polos gastos extraordinarios derivados da imposibilidade de adestrar no campo municipal das Travesas durante a tempada deportiva 2022/2023, procédese a informar sobre a consideracións observadas e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

1. Corrixiuse a cláusula 8ª das bases da convocatoria, quedando o mesmo como se detalla a continuación:

   **OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.**

   1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

   2.- O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

   3.- O importe máximo da subvención a unha entidade non poderá superar o 100% do custo total da actividade. En caso de superarse estes límites, aplicarase o factor de corrección necesario.

2. Nos antecedentes da proposta engadiuse o seguinte párrafo:

   En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades deportivas, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolven os seus proxectos, que se verían en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, a convocatoria exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

## ANTECEDENTES

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte e de forma xeral.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades

deportivas da cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsquea da potenciación de sinerxías no ámbito social.

Por outra banda, aínda que directamente relacionado cos obxectivos relacionados co fomento e dinamización da actividade deportiva na cidade, a Concellería de deportes ten, entre as súas finalidades, a xestión e mantemento das instalacións deportivas municipais, entre as que se atopa o campo municipal das Travesas, ubicado no Complexo Municipal das Travesas.

Esta instalación é utilizada habitualmente por entidades sen ánimo de lucro da cidade para o desenvolvemento das súas actividades de adestramentos e competicións, acollendo semanalmente a actividade de mais de 300 deportistas que nun porcentaxe moi relevante son deportistas de categorías de formación.

O servizo de deportes planifica a programación de actividades das instalacións ó longo dos meses de xullo e agosto, prazo no que as entidades presentan os seus proxectos e solicitudes de reserva anual, que se fan efectivas finalmente ó longo do mes de setembro. Nestes meses, as entidades programan, ofertan e propoñen a actividade ós seus deportistas, tendo en consideración como referencia a programación da tempada anterior, xa que en condicións normais esta programación mantén anualmente certa estabilidade.

Estas entidades usuarias da instalación dirixen unha parte fundamental da súa actividade a deportistas de toda a cidade de Vigo aínda que a realidade indica que, sobre todo no deporte de base, que supón un porcentaxe maioritario dos proxectos, os xóvenes deportistas soen ser da zoa de influencia da instalación.

No mes de xuño do ano 2022, o servizo de deportes tiña previsto realizar no campo de fútbol das travesas uns traballos de mantemento extraordinario debido á detección de diferentes deficiencias no terreo de xogo, entre os que se atopaban o recebado dalgunhas zonas, o pegado de liñas e diferentes reparacións en distintas zonas do campo, traballos que debían rematar nun prazo de tempo moi reducido, permitindo o inicio dos adestramentos da tempada 2022-2023 nos prazos habituais.

Non obstante, tras unha posterior análise en profundidade, detectáronse danos importantes que obrigaron a replantexar o arranxo inicialmente previsto na instalación, dado o alcance dos mesmos. Esta circunstancia provocou que o prazo de reparación inicialmente previsto se vira alterado de forma substancial, xa que finalmente decidiuse a substitución do terreo de xogo, o que implica un procedemento que abranguerá, con total seguridade, a tempada completa 2022-2023.

Esta situación forzou ó servizo de deportes a reprogramar as actividades das entidades usuarias do campo de fútbol das travesas en diferentes instalacións municipais, moitas delas afastadas da zona de influencia das travesas, e que obrigou ás entidades a trasladarse durante o período no que a instalación non estará operativa e que coincide coa tempada completa 2022-2023, e que supón unha grave alteración non só a nivel loxístico,

senón económico e social, xa que requiriu ás entidades ofrecer un transporte colectivo ós deportistas de base co obxectivo fundamental de evitar que os xóvenes deportistas as abandonaran.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades deportivas, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolven os seus proxectos, que se verían en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, a convocatoria exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

*Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.*

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno;así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións orientadas a axudas polos gastos extraordinarios derivados da imposibilidade de adestrar no campo municipal das travesas durante a tempada 2022/2023**.**

**SEGUNDO:** Autorizar o gasto por importe de 15.000,00€ (Quince mil euros) con cargo á partida ornamentaría 3410.489.00.00 "Subvencións a clubes e entidades sen ánimo de lucro" e a súa bolsa de vinculación do orzamento do ano 2023.

## ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS A AXUDAS POLOS GASTOS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DA IMPOSIBILIDADE DE ADESTRAR NO CAMPO MUNICIPAL DAS TRAVESAS DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2022/2023.**

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2023 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 "Subvencións a clubes e entidades sen ánimo de lucro" e a súa bolsa de vinculación, un crédito por un importe total de 15.000,00€ (Quince mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos extraordinarios ocasionados polos desprazamentos en transporte colectivo vinculados coa imposibilidade de adestrar no campo municipal das Travesas por mor das obras de reposición do terreo de xogo durante a tempada deportiva 2022-2023

**SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan aos ocasionados polos desprazamentos en transporte colectivo das entidades federadas usuarias habituais do campo de fútbol das Travesas.

As subvencións ós clubs teñen un carácter único.

Terase en conta que a tempada deportiva 2022/2023 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos. A tal efecto, o servizo de deportes, no informe que se axuntará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

**TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 15.000,00€ (Quince mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 “Subvencións a clubes e entidades sen ánimo de lucro” e a súa bolsa de vinculación. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

**CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Ter desenvolvido na tempada 2021-2022 un programa de adestramento e competición programado mediante o procedemento formal de *“Reserva e aluguer de instalación deportiva para a tempada deportiva”* no campo de fútbol municipal das travesas. Este extremo comprobarase de oficio por parte do servizo de deportes, incorporando o dato no informe de resolución da convocatoria.

3. As entidades deberán estar integradas na federación correspondente, tendo a obriga de ter un mínimo de 50 licencias vixentes na tempada 2022/2023 ou no ano 2023 se se trata de modalidades que desenvolven a súa tempada por ano natural.

4. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

5. Débedas coas Administracións Públicas:

- As entidades que soliciten subvencións por importe superior a 3.000,00€:
- Acreditarán acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia mediante a presentación da certificación á que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Autorizan á Comisión avaliadora a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achan ao corrente das súas obrigas Tributarias coa Axencia Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, consinte tal extremo.
- As entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€ presentarán declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións que subsituirá a certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo

En calquera dos casos, entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables. Non obstante, o solicitante poderá rexeitar expresamente o consentimento para a obtención dos certificados de débedas ao abeiro do establecido no apartado 4 do artigo 22 do RLXS, debendo aportar neste caso as certificacións necesarias nos termos previstos nas bases da convocatoria.

**SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

a) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
b) Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.

**SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 28 puntos:

a) Promoción do deporte base:
a.1. Número total de licencias (Masculinas e femininas) ata categoría previa á absoluta

incluída. Ata 25 puntos
Volume total de licencias ata a categoría previa á absoluta e puntuación.

- 6 puntos: De 50 a 65 licencias.
- 8 puntos: De 66 a 80 licencias.
- 10 puntos: De 81 a 95 licencias.
- 12 puntos: De 96 a 110 licencias.
- 15 puntos: De 111 a 125 licencias.
- 16 puntos: De 126 a 150 licencias.
- 17 puntos: De 151 a 165 licencias.
- 20 puntos: De 166 a 180 licencias.
- 25 puntos: >181

b) Deporte e discapacidade: 3 puntos.
Outorgaranse 3 puntos ás entidades deportivas federadas cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria, fundamentado nos posibles gastos incrementados que pode supoñer o desprazamento adaptado destes colectivos.

**OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.**

1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

2.- O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

3.- O importe máximo da subvención a unha entidade non poderá superar o 100% do custo total da actividade. En caso de superarse estes límites, aplicarase o factor de corrección necesario.

**NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

**DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Cada entidade só poderá presentar unha solicitude.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

**DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Anexo I.1. Instancia de solicitude de subvención.
- Anexo I.2. Orzamento de gastos.
- Anexo I.3: Declaración responsable.
- Anexo I.4. Certificado da Federación no que se detalle definido o número de licencias **desglosado por categoría e xénero**, da tempada 2022/2023, ou do ano 2023 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Certificado emitido pola Xunta de Galicia que acredite a composición da actual xunta directiva.
- Copia do D.N.I. do/a presidente/a da entidade asinante da solicitude de subvención.
- **Só para solicitantes de subvención por importe superior a 3.000,00 €**, Certificado de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa **Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.**

3.- De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultaranse os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias.
- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

No caso de que as persoas interesadas opóñanse a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

**DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da

notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Publicidade do financiamento público.** As beneficiarias das subvencións deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

**DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.
O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución notificarase electronicamente  ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.-As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos

- Recurso de reposición  perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación , se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (atigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.**
Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2023 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.
O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. *"Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan".*

2.- Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente **a través da sede electrónica do Concello de Vigo,** por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

- Anexo II.1. Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.

- Anexo II.2. Declaración responsable do cumprimento da actividade subvencionada.
- *Anexo II.3. Balance de gastos.*
- *Xustificantes acreditativos dos gastos* vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:
  - A xustificación deberá presentarse pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do Orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
  - **Importe xustificativo:** Terase en conta como importe xustificativo a *Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente* que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se declare no anexo II.2 no seu momento que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo
  - Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

- *Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello*, en relación coa xustificación da subvención.

**DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

**DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

◦ **Perda do dereito ao cobro:**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2023, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de febreiro de 2022 e o 30 de setembro de 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

**IV. Contía total e crédito orzamentario:**

Tendo en conta a necesidade de mellorar e dinamizar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no Concello de Vigo, ademais do coñecemento da situación destas mulleres, e sendo a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” a única entidade sen ánimo de lucro rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en

situación de maltrato, xustifica a concesión deste convenio de xeito directo, por un importe total de 47.056,05 € (46.360,64€ de custes salariais e 695,41€ destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións), imputaranse á partida 2410 4800007 “Convenio Emprego coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (**01/02/2023 ao 30/09/2023)**.

Incorpórase unha cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral entre os/as traballadores/as directa ou indirectamente beneficiarios/as da subvención que se pretende conceder a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo e o Concello de Vigo.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

**V. Normativa de aplicación:**

A teor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica**:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

Explicítase no pacto décimo a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada no convenio, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

**VII. Publicidade:**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

**VIII. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 19/06/2015, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

**IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, e modificacións posteriores, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**:

1.- Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", co CIF G36928646 que permitirá deste xeito consolidar novas actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudios das súas necesidades, e intervir dende a perspectiva de xénero intensificando a concienciación social e a formación en xénero e violencia de xénero .

2.- Autorizar o gasto de **47.056,05€**, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023.

3.- É competente para asinar o citado convenio a Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.

4.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Na data da sinatura electrónica

**INTERVEÑEN**

Dunha parte, dona Elena Espinosa Mangana, na súa calidade de Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL),

Doutra parte, Dona María Rosario Otero Rodríguez co DNI *****710T en calidade de Presidenta da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, nomeada en asemblea celebrada o 17 de outubro de 2019, ten poder suficiente para actuar en nome da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con domicilio social en Rúa Oliva, 12 – 2º 36202 de VIGO e CIF G36928646.

E actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Actúan no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO:** Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos", para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que fosen xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei..."

Deste xeito, o Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratación por entidades sen ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

**SEGUNDO**: Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", propón a contratación de 4 profesionais para a realización de actividades de fomento, orientación e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades propostas pola Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", considéranse accións de interese para a nosa cidade, pola potenciación da xestión de atención primaria de saúde, a prestación dos servizos sociais e de promoción, así como, da reinserción de colectivos desfavorecidos.

Concello de Vigo

Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos"

**MANIFESTAN**

**I.-** - Que a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

1.- Eliminación da violencia, mediante a prevención e a concienciación de todos os e as axentes sociais, institucións e colectivos.

2.- Promover a movilización da sociedade a través do coñecemento e da toma de conciencia da violencia de xénero, máxima expresión da falta de garantías, dereitos e liberdades das mulleres.

3.- Minimizar os danos psicolóxicos, físicos e sociais das mulleres en procesos de violencia de xénero, mediante información, motivación, asesoramento, e formación de acordo cos intereses e capacidades persoais.

4.- Fomentar a autoestima e a confianza necesarias para que as mulleres sexan protagonistas activas do seu proceso de ruptura cos malos tratos.

5- Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres.

6.- Valorar e respectar o mundo emocional e fomentar o bo trato nas relacións afectivas e sociais.

7.- Fomentar o coñecemento mutuo e o traballo conxunto de organizacións de mulleres de cara a acadar a igualdade real entre mulleres e homes dende a perspectiva de xénero.

**II.-** Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións de asociacións, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.
Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sen esquecer a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

**III.-** Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de xaneiro de 2023, segundo as publicación realizadas polo SEPE:

<u>Desemprego rexistrado:</u>

| CONCELLO | TOTAL DESEMPREGADOS/AS | MULLERES | HOMES |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| **VIGO** | **19.072** | **10.906** | **8.166** |

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen os Municipios.

Ante as novas necesidades xurdidas pola crise global que estamos a vivir e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, especialmente en determinadas situacións de vulnerabilidade social e económica, debe facerse fincapé nas dificultades que atravesan as mulleres vítimas de violencia de xénero, mais acentuadas aínda no actual contexto, tendo en conta, entre outras circunstancias, as restricións á mobilidade, as obrigas de confinamento, e as limitacións das reunións ou contactos sociais, que poden acentuar, mais si cabe aínda, a súa fraxilidade e indefensión, polo que, a súa protección e acompañamento debe ser obxecto dunha atención especial e prioritaria por parte das distintas administracións públicas.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, xustifica a realización deste convenio de concesión de subvención nominativa.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a formación, o coñecemento e as habilidades necesarias para unha mellor atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

**V.-** Que a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes**.**

## PACTOS

**Primeiro.-** A Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego do Concello de Vigo en canto á dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, coa contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos dende o 01 de xaneiro de 2022, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e concretamente, a:

1. Eliminación da violencia, mediante a prevención e a concienciación de todos os e as axentes sociais, institucións e colectivos.
2. Promover a mobilización da sociedade a través do coñecemento e da toma de conciencia da violencia de xénero, máxima expresión da falta de garantías, dereitos e liberdades das mulleres.
3. Minimizar os danos psicolóxicos, físicos e sociais das mulleres en procesos de violencia de xénero, mediante información, motivación, asesoramento, e formación de acordo cos intereses e capacidades persoais.
4. Fomentar a autoestima e a confianza necesarias para que as mulleres sexan protagonistas activas do seu proceso de ruptura cos malos tratos.
5. Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres.
6. Valorar e respectar o mundo emocional e fomentar o bo trato nas relacións afectivas e sociais.
7. Fomentar o coñecemento mutuo e o traballo conxunto de organizacións de mulleres de cara a acadar a igualdade real entre mulleres e homes dende a perspectiva de xénero.
8. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá, “Asociacións en rede” (http://asociacións.vigo.org, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario ou secretaria da asociación certificará a súa publicación dos postos a contratar.
9. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
10. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
11. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo, Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
12. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
13. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
14. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

15. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
16. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- Respectar a estrutura organizativa da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
- Conceder directamente á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos unha subvención total por importe de **47.056,05€** (46.360,64€ de custes salariais e 695,41€ destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) para o desenvolvemento das accións imputaranse con cargo á partida 2410 4800007 "Convenio Emprego coa Rede de Mulleres contra os malos tratos", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto**.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.

**Oitavo.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Noveno.- SELECCIÓN DE PERSOAL POLA ENTIDADE BENEFICIARIA DA AXUDA**

A entidade beneficiaria deberá realizar a convocatoria pública da oferta de emprego, cando menos, 5 días antes da realización da selección mediante os seguintes medios:

a) Inserción de anuncios na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade
b) Inserción na páxina web municipal “Asociacións en rede” (http://asociacions.vigo.org), no formato establecido polo servizo. De non estar de alta na mesma, será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emprego@vigo.org
c) Exposición da convocatoria pública da oferta de emprego no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e no Centro de Iniciativas de Emprego, no formato establecido polo servizo, que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emprego@vigo.org.

O/A secretario/a de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.

Unha vez efectuada a convocatoria pública da oferta de emprego nos termos expostos nos apartados a), b) e c), a entidade remitirá **a través da sede electrónica do Concello de Vigo** a proposta de contratación xunto coa documentación resultante do proceso de selección, asinada electronicamente polo/a representante da entidade, tal e como se indica a continuación:

a) Certificado do/a secretario/a da entidade indicando o período de publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.
b) Certificado do/a secretario/a da entidade coa listaxe das persoas presentadas a cada un dos postos a contratar, con indicación da/s persoa/s seleccionada/s e, no seu caso, das suplentes.
c) DNI, tarxeta de demanda de emprego, certificado de empadroamento e currículum das persoas propostas para a contratación, e das suplentes, se as houbera.
d) Calquera outra documentación relacionada co proceso e que lle sexa requirida polo servizo.

Logo do exame da documentación achegada pola entidade, o servizo emitirá un informe no que se verifique o cumprimento dos requisitos establecidos para proceder á contratación

**Décimo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **30 de outubro de 2023.**

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A beneficiaria achegará copias electrónicas da documentación complementaria e responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En concreto, a beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos para a xustificación dos fondos recibidos:

**1º) Declaración responsable asinada** electronicamente na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

**2º) Memoria de actividades** realizadas asinada electronicamente**,** de conformidade co proxecto achegado xunto coa solicitude de convenio, no que fundamentaron a concesión da subvención.

**3º) Memoria económica** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o

**IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

– As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

• Contrato de traballo
• Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
• Nóminas correspondente aos meses imputados.
• Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
• Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

◆A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.

**4º) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

**5º)** Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito inhabitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **01 de marzo e o 30 de setembro de 2023**.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo persoal de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego. A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

**Décimo sétimo.-** A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

**Décimo oitavo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo noveno.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan electrónicamente o presente convenio, en data das devanditas sinaturas

## 10(344).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA O SERVIZO DE APOIO E ASESORAMENTO SOBRE A PROGRAMACIÓN, ORGANIZACIÓN E SEGUIMENTO DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS. EXPTE. 9191/335.

Visto o informe xurídico do 02/05/2023 e o informe de fiscalización do 04/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 26/04/2023, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 21 de abril de 2022, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local na sesión de 16 de xuño de 2022 acordou adxudicar o procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos, coas seguintes condicións:

> "Adxudicar a EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L. (B-27.862.135) o lote 1 "Servizo de asesoramento para a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos de pequeno formato e Cabalgata de Reis" do procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (9191-335) coas seguintes condicións:
>
> a) O prezo máximo do lote é de 29.874,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.184,90 euros, cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC de 10,00%.
> b) Achega un técnico titulado en prevención de riscos laborais cunha experiencia mínima na redacción de plans de emerxencia e/ou autoprotección de 2 anos.
> c) Comprométese a realizar 40 horas extra sen custo para o Concello.
>
> Adxudicar a SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) o lote 2 "Servizo de asesoramento para a programación, organización e seguimento de grandes eventos e concertos no Auditorio de Castrelos" do procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (9.191-335) coas seguintes condicións:
>
> a) O prezo máximo do lote é de 29.584,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.134,50 euros, cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 20%.
> b) Comprométese a realizar 40 horas extra sen custo para o Concello.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

*"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan estabelecido.*

*2.- (...)"*

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP estabelece respecto ao prazo de execución :

A) *PRAZO TOTAL: un ano*
*B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.*
C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, unha prórroga dun ano de duración*
D) *DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: 15 de abril de 2022.".*

4.- Formalización do contrato:

O contrato de "EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L. (lote 1) (B-27.862.135) foi formalizado en data 20 de xuño de 2022 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, estabelecéndose na cláusula 4ª do mesmo que "*O prazo do contrato é de un ano, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo. Estáblecese unha prórroga dun ano de duración*". En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 20 de xuño de 2023.

O contrato de "SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) o lote 2 foi formalizado en data 20 de xuño de 2022 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, estabelecéndose na cláusula 4ª do mesmo que "*O prazo do contrato é de un ano, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo. Estáblecese unha prórroga dun ano de duración*". En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 20 de xuño de 2023.

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP estabelece que "*Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses*."

- En data 5 de abril de 2023 (trámites 318 y 319) a adxudicataria EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L. recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato do servizo de apoio e asesoramenteo sobre a programación, organziación se seguimento de actividades e espectáculos, conforme ao estipulado no mesmo.
- En data 12 de abril de 2023 (trámite 326) a adxudicataria SACAFERRO, S.L recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos, conforme ao estipulado no mesmo.

6.- Prestación do servizo: A prestación do servizo de apoio e asesoramente sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Festas, cun correcto cumprimento do estabelecido tanto nos

correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Festas enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 21/06/2023 e o 20/06/2024.

7.- Orzamento:

- Con data do 16/06/2022 a XGL acordou adxudicar a EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L. (B-27.862.135) o lote 1 "Servizo de asesoramento para a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos de pequeno formato e Cabalgata de Reis" do procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (9.191-335), sendo o prezo máximo do lote é de 29.874,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.184,90 euros, cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC de 10,00%. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

  Polo tanto, o prezo para a prórroga por un curso deste contrato quedaría fixado en 29.874,90 euros, IVE incluido, que se dividiría en dúas anualidades: 23.899,92 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 21 de xuño a decembro) e 5.974,98 euros con cargo ao exercicio 2024 (de xaneiro a 20 de xuño) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3380.2270600 (Estudos e Traballos Técnicos) dos exercicios 2023 e 2024, conforme á anterior división.

- Con data do 16/06/2022 a XGL acordou adxudicar a SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) o lote 2 "Servizo de asesoramento para a programación, organización e seguimento de grandes eventos e concertos no Auditorio de Castrelos" do procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (9.191-335) sendo o prezo máximo do lote é de 29.584,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.134,50 euros, cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 20%. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

  Polo tanto, o prezo para a prórroga por un curso deste contrato quedaría fixado en 29.584,50 euros, IVE incluido, que se dividiría en dúas anualidades: 23.667,60 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (do 21 de xuño a decembro) e 5.916,90 euros con cargo ao exercicio 2024 (de xaneiro a 20 de xuño) e podería imputarse e podería im putarse á aplicación orzamentaria 3380.2270600 (Estudos e Traballos Técnicos) dos exercicios 2023 e 2024. conforme a anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2023, faise constar que xa existe a operación contable RC 202300004230, por importe de 23.899,92 euros, de retención de crédito (Lote 1) e RC 202300004231, por importe de 23.667,60 euros, de retención de crédito (Lote 2) para a tramitación da primeira parte da prórroga do contrato (do 21 de xuño a decembro).

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para o servizo de Apoio e Asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (expte. 9191/335) para o período comprendido entre o 21/06/2023 e o 20/06/2024, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 29.874,90 euros correspondente a esta prórroga, a favor de EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2270600 (Estudos e Traballos Técnicos) e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 21/06/2023 a 31/12/2023): 23.899,92 euros
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 01/01/2024 a 20/06/2024): 5.974,98 euros

3º.- Autorizar e comprometer un importe de 29.584,50 euros correspondente a esta prórroga, a favor de SACAFERRO S.L. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2270600 (Estudos e Traballos Técnicos) e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 21/06/2023 a 31/12/2023): 23.667,60 euros
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 01/01/2024 a 20/06/2024): 5.916,90 euros

**ACORDO**

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(345).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE “SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS” (PERÍODO 2022 – 2023). EXPTE. 9712/335.**

Visto o informe xurídico do 24/04/2023 e o informe de fiscalización do 03/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/04/2023, asinado pola xefa do Servizo de Festas e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con data 14 de marzo o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas (por resolución de delegación de competencias municipais de data 17/08/2020) resolveu que se iniciase o expediente para a Convocatoria, Bases reguladoras e Extracto de Subvencións para festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo **entre o 1 de novembro do ano 2022 ata o 31 de outubro do ano 2023.**

A concesión de subvencións do Servizo de Festas do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para festas tradicionais, patronais e

gastronómicas e o desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

A contía total destinada á presente convocatoria ascende a 239.000,00 euros con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas do vixente exercicio.

O ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar é dende o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro do presente ano 2023. As actividades realizadas no mes de novembro e decembro do ano 2023 incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e a tal se redactáronse polo servizo de Festas a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido en: Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno; Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS; e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

No relativo ao procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación sinalados na base anterior, coa excepción dos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2); 1.3) e 1.4) da convocatoria que se lles aplicará unha cantidade fixa respectivamente: Festas de especial interese 18.000 €;  Festas patronais en barrios e parroquias 18.000 €, 12.000 € ou 4.000 €, en función do orzamento e antigüidade da festa; Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 4.000 € e Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos 4.000 €.

Procederase en primeiro lugar á avaliación das solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar  1.1); 1.2); 1.3) e 1.4) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante  distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar 2.1) e 2.2) mediante a avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme o establecido na base oitava – criterios de valoración- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 390.000 € menos a suma do importe concedido aos conceptos a  subvencionar 1.1); 1.2): 1.3) e 1.4) coa fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto a subvencionar será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual (30 puntos) e non excederá a cantidade de 3.000 €.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Todas as festas tradicionais, patronais e gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se celebren deberase dar cumprimento á lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da Convocatoria, Bases e Extracto de Subvencións para Festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen no ano 2020 e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei de Galicia 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención Xeral que procedan, coa conformidade da concelleira da Área de Participación Cidadá e Festas e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte,

**PROPOSTA**

**Primeiro.-** Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen entre o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro do ano 2023 na cidade de Vigo.

**Segundo.-** Que se autorice e dispoña un gasto por un importe de 239.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ao abeiro desta convocatoria.”

## ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

Concello de Vigo

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2022-2023.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985 determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o paragrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias.

A presente convocatoria rexerase pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexitro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas Públicas, a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembre, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais ,e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### II

A Concellería de Festas ten atribuída a competencia de "Programar, desenvolver e xestionar a celebración de actividades festivas e socioculturais, de lecer e tempo libre, así como promover todo tipo de programas, plans, actividades e servizos que contribúan á animación sociocultural dos cidadáns".

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2020, aprobou o "Plan de dinamización e desenvolvemento do servizo de Festas: Liñas estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023" (expediente 8385/335), que recolle os cinco obxectivos do Servizo de Festas e traza as liñas estratéxicas básicas.

Entre os obxectivos básicos recóllense os obxectivos 3 e 4 relativos a:

1. Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural, de festas tradicionais e patronais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal coa fin de apoiar e fortalecer o tecido asociativo.
2. Favorecer o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.

A Liña estratéxica 2 “Apoio no desenvolvemento de proxectos socioculturais a través da xestión de subvencións” da cobertura á consecución dos obxectivos básicos do servizo de Festas números 3 e 4 a través convocatoria en concorrencia competitiva de subvencións ou concesión de subvencións nominativas de actividades que suplan ou complementen aquelas de competencia municipal. Contémplase a Convocatoria anual de subvencións en concorrencia competitiva destinada a entidades sen ánimo de lucro para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais (apartado 3.2.a)

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, consonte coas seguintes,

**BASES**

**Primeira.- OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais durante o período comprendido entre o **1 de novembro do ano 2022 ata o 31 de outubro do ano 2023**, na cidade de Vigo.

**Segunda.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán subvencionables aquelas festas, programas e actividades organizadas por entidades xurídicas non empresariais e sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial de Vigo, dende unha dimensión de barrio, parroquia ou cidade.

O ámbito temporal dos programas de actividades e gastos a subvencionar será dende o **1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro do presente ano 2023,** ámbolos dous incluídos. As actividades realizadas nos meses de novembro e decembro do ano 2023 incorporaranse á convocatoria do vindeiro ano 2024.

A mesma festa, programa ou actividade soamente poderá presentarse a unha única liña de subvención. Non se admitirán programas que agrupen varias festas ou actividades diferentes.

Defínense as seguintes liñas de subvención:

**Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos.**

**1.1.- Festas de especial interese.**
Festas celebradas no ámbito urbano con unha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto de superior a 60.000 € (IVE incluído). O número máximo de programas a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de UN (1).

**1.2.-Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual).**

…..A) Festas cunha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto superior a 60.000 € (IVE incluído).

B) Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

C) Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

O número máximo de programas a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de UN (1).

**1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias.**
Festa gastronómica que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos. O número máximo de programas a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de UN (1).

**1.4.- Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos.**
Festival internacional folclórico que teña unha antigüidade de máis de 25 anos. O número máximo de programas a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de UN (1).

**Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.**

2.1.-Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.

O número máximo de festas, programas ou actividade a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de DOUS (2).

2.2.- Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.

O número máximo de programas a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de DOUS (2).

**Terceira.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A concesión das subvencións axustaranse á aplicación orzamentaria do Servizo de Festas da Concellería de Participación cidadá e Festas nº 3380.4890000 “Transf. a entidades e comisións de festas”.

**Cuarta.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custo total da festa, programa ou actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xuño (Regulamento da Lei xeral de subvencións).

**Quinta.- REQUISITOS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Poderán solicitar subvención, as entidades non empresariais e sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

1.- Asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, sen ánimo de lucro e que non desenvolvan actividade empresarial.
2.- Que a actividade sociocultural se celebre dentro do termo municipal de Vigo
3.- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes coas establecidas nas presentes Bases.
4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
5.- As persoas ou entidades solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiarias da subvención, das previstas no

citado artigo para o que se esixirá ás solicitantes unha declaración de non estar incursas nas devanditas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

6.- Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para cada convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior nesta mesma área municipal. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos nos que, sobre as entidades beneficiarias das axudas económicas recaíse resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.

7.- As entidades solicitantes deben atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (ATRIGA), a Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. A entidade solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, pode autorizar  á comisión avaliadora a comprobación dos datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. No caso de opoñerse a dita consulta (mediante indicación expresa no modelo de solicitude) deberán achegar ditos certificados debidamente actualizados e cunha vixencia inferior a seis meses.

Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- Entidades cuxo obxecto social sexa actividade empresarial
- As entidades con ánimo de lucro

**Sexta.- FORMA,DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DOCUMENTACIÓN**

6.1.-  Forma de presentación

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web e asinadas electrónicamente polo representante da entidade:
https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=cas

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación,

sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

6.2.- Prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes será o establecido no anuncio que, como estrato desta convocatoria, se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

O cómputo de dito prazo realizarase consonte co establecido no art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíble na sede electrónica do Concello de Vigo en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) da LPAC en relación co previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do Ordenamento Xurídico.

6.3.- Modelo de presentación

As solicitudes realizaranse mediante a presentación do modelo establecido no **Anexo I** (solicitude)

6.4.- Documentación

Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, **asinadas electronicamente** polo representante da entidade e con indicación da data na sinatura.

A) Coa solicitude asinada electronicamente pola persoa representante legal da entidade, segundo o modelo que figura como **Anexo I (solicitude)** desta convocatoria, deberase achegar :

Anexos:

1 Declaración responsable do Anexo I.1 (liña 1) ou Declaración responsable do Anexo I.2 (liña 2)
2 Ficha resume do programa do Anexo II de cada programa
3 Orzamento de gastos e ingresos do Anexo III de cada programa

Documentación

a.- Documento acreditativo da representación
b.- Copia do CIF/NIF da entidade e copia do NIF da persoa que a representa
c.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante
d.- Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria
e.- Documento acreditativo de que a entidade solicitante é unha entidade sen ánimo de lucro.

Tal e como se indicou na base quinta, no caso de a entidade solicitante se opoña expresamente á consulta de débedas por esta administración, deberá achegar xunto á súa solicitude os certificacións de estar ao corrente coas débedas da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

No caso de que algunha circunstancia imposibilite ao Concello de Vigo á obtención dos citados datos, poderá solicitarse ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

B) Para as entidades que opten á **liña de subvención 1**

Ademais da documentación indicada no apartado A) anterior, a entidades interesadas nesta liña deberán achegar xunto á súa solicitude un **programa** da festa/berbena a desenvolver, no que se inclúa a seguinte información mínima:

1 O ámbito de execución e indicación do tempo no que leva executándose o evento/festa
2 A coordinación do evento
3 Os obxectivos
4 As persoas destinatarias
5 A metodoloxía
6 A temporalización: calendario de preparación da actividade ou desenvolvemento en xornadas ou espazos de tempo.
7 Os recursos humanos dispoñibles
8 Os materiais e recursos económicos
9 Os sistemas de seguimento e avaliación do evento
10 Descrición da localización dos elementos institucionais (lonas, banderolas, pancartas....) co logo oficial do Concello de Vigo
11 Canta información consideren oportuna

C) Para as entidades que opten á **liña de subvención 2**

Ademais da documentación recollida no apartado A) terá que presentar cumprimentado o seguinte:

C.1. No caso de que a actividade a subvencionar consista en publicacións periódicas de carácter informativo e divulgativo no ámbito da animación sociocultural, cumprirán os seguintes requisitos:

a) Non pode ter a condición de boletín interno da asociación.
b) Deberán achegar xunto á solicitude un proxecto editorial no que se inclúa entre outros datos: os responsables da redacción e da edición, índice, número de páxinas, número de exemplares, características (tamaño, cores, papel, etc), periodicidade da tirada, números xa publicados, sistema de distribución e plan de financiamento.
c) Deberán achegar documentación acreditativa sobre a disposición relativa ao depósito legal.
d) Indicarase na contraportada da publicación o patrocinio da Concellería de Participación Cidadá e Festas
e) Deberán depositar gratuitamente tres exemplares na Concellaría de Participación Cidadá e Festas no prazo máximo dun mes dende a súa edición.
f) Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentarase, xunto ao programa, un exemplar dela. En caso contrario, achegarase xunto á documentación xustificativa da subvención outorgada.

C.2. No caso de que a actividade a subvencionar consista no desenvolvemento de cursos de formación, achegarase o currículo do profesorado, os datos de custo hora por alumnado e custo hora por profesor/a, así como as características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.

A Concellería de Festas poderá requirir canta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polos solicitantes para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

**Sétima.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Na valoración das actividades socioculturais incluídas na Liña de subvención 2 aplicaranse as seguintes puntuacións ata un **máximo de 100 puntos**:

**7.1. Criterios de avaliación da entidade solicitante: ata 40 puntos**.

1.A): Traxectoria e antigüidade da entidade: ata 10 puntos.
Puntuación valorada en base aos datos relativos a antigüidade sinalados pola entidade na súa declaración responsable (Anexo I.2), (7.1) e trasladados a táboa de puntuación.

| Traxectoria e antigüidade da entidade | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **De 0 a 3 anos** | **De 4 a 10 anos** | **De 11 a 20 anos** | **De 21 a 35 anos** | **De 36 a 60 anos** | **Maís de 61 anos** |
| 0 puntos | 2 puntos | 4 puntos | 6 puntos | 8 puntos | 10 puntos |

1.B): Masa social e representatividade: ata 20 puntos

Enténdese como masa social, o número de habitantes do ámbito de influencia da entidade; e como representatividade a porcentaxe resultante do número de socios entre a poboación ou masa social.
Puntuación valorada sobre a información aportada pola entidade sobre o número de socios e poboación no seu ámbito de influencia no ano 2022 recollida nos anexos I.2 (7.2) ou sobre o plano facilitado polo departamento de estadística a petición da entidade solicitante, relativo a poboación que abarca o seu ámbito de influencia con relación ao número de socios, e trasladada á táboa de puntuación.

| Masa social e representatividade | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Menos do 6%** | **Do 6% ó 10%** | **Do 11% ó 15%** | **Do 16% ó 20%** | **Do 21% ó 25%** | **Do 26% ó 30%** | **Do 31% ó 35%** | **Do 36% ó 40%** | **Do 41% ó 50%** | **Mais do 50%** |
| 2 puntos | 4 puntos | 6 puntos | 8 puntos | 10 puntos | 12 puntos | 14 puntos | 16 puntos | 18 puntos | 20 puntos |

1.C): Ámbito xeográfico da poboación destinataria: ata 10 puntos

Puntuación valorada en base aos datos do alcance social sinalados pola entidade no Anexo I.2, (7.3) e trasladados a táboa de puntuación.

| Ámbito xeográfico da entidade e poboación destinataria | | | |
|---|---|---|---|
| **Barrio** | **Parroquia** | **Distrito** | **Municipal** |
| 4 puntos | 6 puntos | 8 puntos | 10 puntos |

**7.2.- Criterios para avaliación de cada programa: ata 60 puntos**

2 A): Interese e calidade do programa: Ata 50 puntos.

2 A) 1.- Fundamentación das necesidades, razón, obxectivo e alcance do programa: Valórase ata 20 puntos a aqueles programas de interese sociocultural cun contido

que complemente ou supla a programación que sexa competencia do servizo de Festas.

2 A) 2.- Innovación: Valórase ata 5 puntos aquelas propostas innovadoras ou diferentes.

2 A) 3.- Consolidación: Valórase ata 5 puntos as propostas consolidadas no tempo e que levan realizándose dende hai anos. Outorgaráselle un punto por cada 5 anos de antigüidade ata un máximo de 5 puntos.

2 A) 4.- Temporización: Valóranse ata 10 puntos aqueles programas que leven un calendario de preparación da actividade ou cuxo desenvolvemento sexa realizado ao longo de varias xornadas ou espazos de tempo diferente.

2 A) 5.- Recursos humanos e materiais: Valorarase ata 10 puntos aqueles programas que impliquen a participación dos recursos humanos e materiais propios da entidade.

2.B): Viabilidade técnico-económica e financeira do programa: ata 10 puntos.

2 B)1.- Viabilidade económica: Valorarase ata 10 puntos. O resultado da puntuación ven dado polo traslado á táboa de puntuación da porcentaxe económica que solicitan con respecto ao custe do programa, segundo consta no orzamento aportado no anexo III das bases.

| Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Importe subvencionado 0% ó 10% | Importe subvencionado 11% ó 20% | Importe subvencionado 21% ó 30% | Importe subvencionado 31% ó 40% | Importe subvencionado 41% ó 50% | Importe subvencionado 51% ó 60% | Importe subvencionado 61% ó 70% | Importe subvencionado 71% ó 75% | Importe subvencionado 76% ou maís |
| 10 puntos | 8 puntos | 6 puntos | 5 puntos | 4 puntos | 3 puntos | 2 puntos | 1 puntos | 0 puntos |

Os datos para obter as puntuacións nas táboas 1A), 1B), 1C) e 2B) son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes ou obtidos de oficio polo servizo de Festas.

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

A Comisión de Avaliación encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.

**Oitava.- INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO**

8.1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Festas que revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida.

8.2.- Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remitiranse os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**8.3.- Rematada a instrución** do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas que actuará como presidente, a xefa do servizo de Festas que actuará como vogal e a administrativa do servizo que actuará como secretaria da Comisión, sen prexuízo dos suplentes que poderán ser nomeados por ausencia dos anteditos titulares.

En cumprimento do disposto no art. 21.4 paragrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia, e no artigo 24.4 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de subvencións, o órgano instrutor acreditará na proposta que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, segundo a información que obra no seu poder.

**8.4.- A valoración** individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire a base oitava e valorando as restantes solicitudes conforme ao establecido na base novena.

**8.5.- Prazo de resolución e notificación**

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás entidades solicitantes é de seis meses contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.hoxevigo.org).

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, previo informe-proposta da xefatura do servizo de Festas.

A resolución notificarase electronicamente ás entidades solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica.

As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación , se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (atigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Así mesmo en calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración competente, declarando concluso/s o/s procedemento/s

correspondente/s de conformidade cos artigos 84 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

**Novena.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES**

9.1.- Unha vez presentadas, serán desestimadas as seguintes solicitudes:

a).- Aquelas que para a mesma finalidade, foran solicitadas noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

b).- Aquelas que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

c).- Aquelas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.

d).- Aquelas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

e).- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

f).- Aquelas que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.

g).- Aquelas que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida na convocatoria anual para a Liña 2 de 30 puntos, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

9.2.- Tamén se desestimarán as solicitudes que:

a).- Se presente fora do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
b).- Teñan pendentes xustificar en tempo e forma algunha das subvencións concedidas na convocatoria do ano 2022
c) Non se presenten cun proxecto específico
d).- Se refiran a actividades non recollidas na base segunda

e).- Conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.
f).- Foran presentadas por Entidades que desenvolvan actividade empresarial ou teñan ánimo de lucro.
g).- Foran presentadas por entidades que teñan previsto realizar as actividades obxecto de subvención fora do termo municipal de Vigo.
h).- Non se presenten por  medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

Cando unha entidade achegue máis dunha solicitude para o desenvolvemento dunha festa, programa ou actividade dentro dunha mesma liña de subvención das descritas na base segunda, sempre que exista limitación en dita liña a unha soa actividade, daráselle un trámite de audiencia de tres días para que escolla o proxecto para o que solicita a subvención e renuncie ao/s outro/s achegado/s. No caso de non facelo, desestimaranse as súas solicitudes por non axustarse ás limitacións establecidas nestas bases.

**Décima.- PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO**

O presente procedemento rexerase por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as vixentes Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo primeira: CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS**

**11.1. Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e festivais folclóricos.**

**1.1.- Festas de especial interese.**
Contará cunha a**signación fixa de 18.000 €**

**1.2.-Festas patronais en barrios e parroquias incluídas no calendario festivo anual.**
A) Contará cunha asignación fixa de **18.000 €**
B) Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**
C) Asignación fixa de **4.000 €**

**1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias.**

Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

**1.4.- Festivais internacionais folclóricos cunha antigüidade de máis de 25 anos.** Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

**11.2. Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.**

O importe que se distribuirá entre as solicitudes a esta liña será o resultado de restar ao crédito orzamentario da partida 3380.4890000 (239.000,00 €) a suma do importe concedido aos conceptos subvencionables 1.1; 1.2, 1.3 e 1.4).

Este importe dividirase entre o total de puntos obtidos por todos os programas admitidos coa fin de obter o valor por punto en euros. O importe que se asignará a cada entidade solicitante é o resultado do produto entre os valor por punto e os puntos obtidos en cada programa admitido.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada programa subvencionable terá como límite  o 75% do presuposto do proxecto presentado (IVE incluído) e non excederá a cantidade de 3.000 €.

**Décimo segunda.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIOS.**

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions e o Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando o logotipo do Concello de Vigo, nos materiais impresos (carteis, folletos, follas informativas...), placas conmemorativas, medios electrónicos ou audiovisuais, ou anuncios nos medios de comunicación escritos.

O Servizo de Festas facilitará un modelo tipo para a colocación do logotipo de Concello no diferente material impreso (Anexo VI).

f) As Festas que opten a subvencións da liña 1 deberán incorporar o logotipo do Concello mediante banderolas ou lonas nas zonas escénicas (escenarios, palcos, tarimas....) e accesos aos recintos.
Antes da celebración do eventos deberán consensuar a ubicación destes elementos co Servizo de Festas.

g) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Participación Cidadá e Festas estudará cal sería a lingua a empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

h) En cumprimento coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia relativa a Festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisiones de festas, as festas e verbenas populares  organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as ou por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación o comisión na que se relate o programa das actividades a realizarse e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia o documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo.
Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións  suxeitas a declaración responsable o a licencia á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada o solicitada pola persoa titular da instalación.

i) Todas as festas tradicionais, patronais e gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se celebren deberase dar cumprimento á lexislación  vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

k) En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

**Décimo terceira.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) as entidades

beneficiarias están obrigadas a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a emenda.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do **1 de novembro de 2023**, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

1.- Prazo de xustificación: unha vez rematado o programa, e como data límite o 1 de novembro de 2023 terá que xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.
O Prazo de presentación das solicitudes será o establecido na convocatoria anual e sempre nun período non inferior a 15 días hábiles, a contar dende a publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

**Sexta.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios:**

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas, dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), en cumprimento do estabelecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015, e d**e acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.**

**12(346).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA POSTA EN SERVIZO PARA O USO PÚBLICO DAS GALERÍAS SOTERRADAS DAS OBRAS DE "MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE O CASTRO" .EXPTE. 10874/307.**

Dáse conta do informe-proposta de data 08/05/2023, asinado pola xefa da Unidade de Patromonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO:**

O Goberno de España segundo Real Decreto 1119/2021, de 21 de decembro, outorgou por concesión directa, unha subvención ao Municipio de Vigo para a mellora da competitividade do sector turístico, con carácter excepcional e por razóns de intereres público e para a mellora da competitividade do sector turístico do Concello de Vigo, por importe de 2 millóns de euros. No Anexo do citado RD 1119 recóllese este proxecto de musealización que ten como obxectivos especificos: acondicionar as galerías, mellorar a iluminación da senda perimetral e musealizar os acontecementos históricos.

Dito Real Decreto sinala que *"concurren razones de interés público que justifican la concesión de estas ayudas pues el municipio de Vigo, se encuentra haciendo frente a fenómenos como el grave descenso de turistas por la COVID-19 y la estacionalidad, que provoca un aumento de las tasas de desempleo, así como una infrautilización de recursos, en los meses de temporada baja para lo cual está implantando actualmente proyectos de diversificación*

*transversales, novedosos y de gran interés como las «Islas Cíes proyecto patrimonio de la humanidad» «Navidad en Vigo» y proyectos ya implantados como «Vigo Vertical».*
*Por ello, para poder implementar esos proyectos de diversificación y segmentos complementario propuestos por el municipio de Vigo, para revitalizar el sector turístico y dada la escasez de recursos derivada de la pandemia, se hace necesario aportar otros mecanismos de apoyo para una mejora en la competitividad del municipio mediante una renovación digital y de comunicación y servicios tecnológicos que sigan convirtiendo a Vigo en un nuevo destino turístico puntero en España y que sin la concesión de estas ayudas no podría alcanzarse”* (BOE nº 305 de 21 de decembro de 2021).

O Decreto de Alcaldía de data 10/08/22 resolve “delegar na Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico Dona Mª del Carmen Silva Rego tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e realización da totalidade das obras e servizos necesarios para a execución do **PROXECTO DE MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE VIGO.”**

O servizo xestor elabora a memoria xustificativa para a redacción do PCAP, asinada con data 12/08/22, que non recolle a posibilidade da recepción parcial posto que a data prevista do inicio do contrato era o 15 de outubro de 2022 e consecuentemente a data de recepción das obras sería anterior ao mes de maio, data prevista de apertura do equipamento ao público.

A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 24 de novembro de 2022**, adoptou o seguinte acordo:

> *“Adxudicar á UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. (A-36.115.459) - REVIVIS REABILITACAO RESTAURO E CONSTRUCAO LDA. (513475826, NIF N0100187D, VIES PT513475826) o procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307) por un prezo total de 1.013.412,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 175.881,56 euros.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

A demora na tramitación do número de identificación fiscal da UTE atrasou a sinatura do contrato ata o 19 de decembro de 2022 e a proximidade do Nadal imposibilitou a sinatura da acta de replanteo e inicio das obras ata o 10 de xaneiro de 2023.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

**Primeiro.**- O obxecto destas obras é facer visitable o recinto defensivo a través dun fío condutor no que se desenvolverán unha serie acontecementos históricos acontecidos na cidade nos últimos 300 anos vinculados ao leitmotiv “A defensa de Vigo“.

A delimitación dos traballos atópanse recollidos no proxecto de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de O Castro, redactado polos arquitectos F. Javier Vázquez Fernández e Perfecto Cendón Domínguez, así como polo museólogo Manuel Estévez Caride.

As actuacións poden dividirse en varias zonas ben diferenciadas: a galería soterrada, o patio de armas e o polvorín, ademáis das intervencións nos dous recintos defensivos conservados.

Museolóxicamente a relación destes tres espazos (galería, patio de armas e polvorín) narra a invasión de Vigo e o asedio da fortaleza polos ingleses en 1719, así se contempla que a galería funcione como un espazo de descubrimento para o espectador mediante un percorrido sensorial a través da iluminación, son e imaxe onde protagonice unha experiencia sensorial na que se busca sorpresa, medo e angustia.

O patio de armas serve de soporte expositivo así como de acceso ao polvorín no que se proxectará unha montaxe audiovisual no que se dará a coñecer o episodio completo do asedio e bombardeo da fortaleza en outubro de 1719.

**Segundo.-** O artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) establece:

"Sempre que por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, dende que concorran ditas circunstancias producirán os efectos e consecuencias propios do acto de recepción das obras e nos términos en que regulamentariamente se establezan".

Os traballos da galería xa están rematados (achégase plano que delimita a zona) e dende o punto de vista museolóxico considérase conveniente a súa inmediata posta en servizo para o uso público coa finalidade de realizar unha avaliación do impacto na cidadanía previa a entrega total da obra para poder coñecer mellor o público obxectivo e de referencia e, se é necesario, realizar pequenos axustes sobre o produto final que o melloren.

Ademáis, e como sinala o Real Decreto 1119/2021 antes citado, hay que ter en conta as circunstancias excepcionais que a pandemia por COVID19 trouxo aos municipios en termos de xeración de riqueza para estes a través do sector turístico, de xeito que a subvención que sostén a maior parte deste proxecto de posta en valor das galerías e fortaleza de O Castro de Vigo trae causa desa situación de deterioro socioeconómico dos municipios que o illamento ocasionou, é prioritaria a apertura desta parte do proxecto executado de xeito inmediato para reforzar as actividades turísticas neste concello, que fai aconsellable a divulgación das accións de divulgación do noso patrimonio histórico ao aire libre xa dende o mes no que andamos por mor da climatoloxía do noso ámbito xeofísico.

Deste xeito, na posta en servizo das galerías, que cumpren co requisito de individualidade e autonomía propia e ademáis conta co consentimento do adxudicatario e da dirección facultativa, concurren razóns de interese público orientadas á mellora do servizo de divulgación do patrimonio que esta administración pretende ofrecer á cidadanía, así como á necesidade da súa apertura inmediata ao público para mellorar a competitividade do sector turístico da cidade de Vigo, obxecto do Real Decreto 1119/2021.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**III.- ACORDO:**

APROBAR A POSTA EN SERVIZO PARA O USO PÚBLICO DAS GALERÍAS SOTERRADAS (segundo plano que se acompaña ao expediente) DAS OBRAS DE MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE O CASTRO).

**ACORDO**

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

## 13(347).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DE COMPENSACIÓN DE CUSTES DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NAS DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 2299/341.

Visto o informe de fiscalización de data 08/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 03/05/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a letrada-xefa de Asesoramento e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

- Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector público (LCSP).
- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

**ANTECEDENTES**

**1.** A Xunta de Goberno Local con data 1 de novembro de 2019 acordou (expte 2299-341):

*2. Adxudicar a SERVICIOS SECURITAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 767.827,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 133.259,38 euros. O prezo dos servizos de atención ao público ascende a 671.153,03 euros e o prezo dos servizos de coordinación a 96.674,83 euros.*

*b) Comprométese a realizar 50 encontros divulgativos anuais de promoción da programación dos centros entre colectivos diversos do termo municipal sinalados polo Concello.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Con data 13 de decembro de 2019, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil SERVICIOS SECURITAS SA cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 1 de xaneiro de 2020 (cláusula 4) .

**2.** A Xunta de Goberno Local de data 29 de xullo de 2021 acordou aprobar a primeira prórroga do citado contrato polo período dun ano, é decir, dende o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022 (expte 3011/341).

**3.** A Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2022 acordou aprobar a segunda prórroga do citado contrato polo período dun ano, é dicir, dende o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023 (expte 3270/341).
**4.** Pola representación de Servicios Securitas S.A formúlase solicitude de compensación de custes do contrato polo incremento de custes salariais.

**CONSIDERACIÓN XURÍDICAS**

**Previo.** O réxime xurídico aplicable ao contrato resulta do disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que, no seu apartado segundo, establece "Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior".

Polo que en virtude do citado precepto e, tendo en conta que a adxudicación do contrato efectuouse con posterioridade (acordo da XGL de 1 de novembro de 2019) é aplicable a Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector público (LCSP).

**1.** En primeiro lugar respecto da actualización de importes/ hora dos servizos contratados que se solicita debe sinalarse que: A cláusula 33.1 do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da XGL de data 26 de xullo de 2019, establece que: "Os prezos desta contratación no poderán ser obxecto de revisión, agás que se determine a súa procedencia no apartado 3.K da FEC conforme á fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. E dito apartado 3.K da FEC sinala:*"PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS: non procede".*

**2.** Ao solicitarse unha elevación do prezo do contrato como un suposto de restablecemento do equilibrio económico do contrato alterado pola elevación do salario mínimo interprofesional resulta obrigada a remisión ao Informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 10/2019, que afirma, con cita do Dictame da Abogacía Xeral do Estado Ref.: A.G. – ECONOMÍA, INDUSTRIA Y COMPETITIVIDAD 1/2019 (R- 33/19) de 1 de febreiro:
*1º Que el Real Decreto 1462/2018, de 21 de diciembre, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2019, es de aplicación obligatoria y general a todos los contratos públicos.*
*2º Que no cabe aplicar una causa de restablecimiento del equilibrio económico del contrato por causa no imputable al contratista, sino el instituto del factum principis, que supone la aplicación de las normas sobre la responsabilidad patrimonial de la Administración.*
*3º Que en todos los contratos públicos debe exigirse el cumplimiento de los contratos vigentes conforme al principio pacta sunt servanda, puesto que la obligación de cumplimiento*

*continúa viva y plenamente eficaz a todos los efectos legales. En caso de incumplimiento del contrato por parte del contratista deberán aplicarse todas las consecuencias previstas en la ley y en el contrato.*

***3.*** O requilibrio económico do contrato mediante o establecemento de novos prezos do contrato pola vía que se propón da modificación do contrato a través do suposto previsto no vixente e aplicable art. 205.2.b) LCSP (e non do anterior art.107 do TRLCSP que se invoca e que aínda é mais restrictivo) non resulta procedente por canto o ius varuiandi é unha potestade da Administración para modificar as prestacións obxecto do contrato e que conleva un correlativo deber de deber manter o equilibrio económico do contrato. Dos requisitos exixidos neste suposto resulta que son as prestacións do contrato as que tería que ser necesario modificar. Por esta vía non se pode modificar o prezo do contrato se non se alteran as prestacións do contratista.
Así se recolle nos seguintes informes que tratan específicamente esta mesma cuestión contractual:

- Informe 10/2022, de 24 de novembro, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Extremadura: *"Un incremento sobrevenido de los costes inherentes a la ejecución del contrato afecta exclusivamente al precio, no integrando la justificación suficiente para aplicar el artículo 205 de la LCSP.*
*Una modificación que afectase al precio de los contratos constituiría una revisión de precios encubierta suponiendo una alteración de las condiciones del contrato definidas en la fase de preparación como son el presupuesto y el valor estimado que requeriría un nuevo procedimiento de adjudicación.*
*Por tanto, el incremento del precio no puede considerarse modificación no prevista para ser de aplicación lo dispuesto en el apartado 2.b) del artículo 205 del LCSP.".*

- Informe 7/2022, de 12 de maio, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Madrid: *"En concreto, el artículo 205 establece una serie de supuestos en los que podría llevarse a cabo una modificación del contrato no prevista en el pliego de cláusulas administrativas particulares: prestaciones adicionales, circunstancias imprevisibles y modificaciones no sustanciales. En todo caso, por cualquiera de estas posibles causas, la modificación de un contrato supone un cambio en la forma de efectuar la prestación objeto del contrato, que puede conllevar o no alteración de su precio como consecuencia de ello, pero no resulta posible proceder a la modificación de un contrato con el único objeto de incrementar su precio, pues la revisión de precios cuenta con su propia regulación en la LCSP".*

A vista das anteriores circunstancias, e previa fiscalización da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente como órgano de contratación segundo a Disposición adicional segunda da LCSP, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Desestimar a solicitude de compensación de custes do contrato dos servizos de atención ao público nas dependencias da rede de museos municipais formulada por Servicios Securitas S.A., CIF A28986800.

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo á empresa.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(348).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXTGENERATION EU". EXPTE. 1632/441.**

Visto o informe xurídico do 18/04/2023 e o informe de fiscalización do 28/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/04/2023, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 5 de abril de 2022, autoriza o gasto para a redacción do proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández a prol da empresa Ordenación Territorial, Infraestructuras e Medio Ambiente S.L.

**II.-** A empresa Ordenación Territorial, Infraestructuras e Medio Ambiente S.L., presenta trala fase de supervisión do borrador o proxecto de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ NO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXTGENERATIONEU" redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Don Santiago J. Pérez Vázquez e Don Ignacio Teijeiro Calvo cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (2.674.273,15 €).

**III.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 27.02.2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 27 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 03.03.2023 aprobou o proxecto de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ NO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXTGENERATION EU" redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Don Santiago J. Pérez Vázquez e Don Ignacio Teijeiro Calvo cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (2.674.273,15 €) (exp.5914/443)

**IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 03.03.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.914-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Don Santiago J. Pérez Vázquez e Don Ignacio Teijeiro Calvo.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polos técnicos da Área de Fomento de data 06.03.2023.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 06.03.2023

D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 07.03.2023

E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 09.03.2023.

F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 15.03.2023.

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 16/17.03.2023.

H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 5 de abril de 2023.

I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 5 de abril de 2023.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 09.11.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ NO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXTGENERATION EU",** redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Don Santiago J. Pérez Vázquez e Don Ignacio Teijeiro Calvo.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 5 de abril de 2023.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUS MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (2.674.273,15 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 464.130,05 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.609.00.65 do orzamento vixente, proxecto de gasto 22153965, dos cales 1.200.000, 00 euros provintes da incorporación de remanentes (Decreto do Alcalde-Presidente de data 08.02.2023), e o resto con cargo a correntes, segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|---|---|
| 2023 | 2.674.273,15 € |

**Cuarto.-**Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(349).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "ADECUACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DE TEIS Á LIÑA DE AXUDA NO MARCO DO PRTR". EXPTE. 5996/443.**

Visto o informe de fiscalización do 02/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/04/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 27.04.2022 resolveu o autorizar o gasto para a redacción da adecuación do proxecto de reforma do Mercado de Teis á liña de axuda no marco do PRTR, a favor da empresa favor de empresa Proyegal Ingeniería S.L. (B36533438).

**II.-** A empresa Proyegal Ingeniería S.L. presenta trala fase de supervisión, proxecto de "ADECUACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DE TEIS Á LIÑA DE AXUDA NO MARCO DO PRTR", redactado pola Arquitecta Técnica Rebeca Galiñanes Fernández cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS SETENTA Y UN MIL CINCUENTA E OITO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.471.058,46 €)

**III.-** O Xefe do Servizo de Comercio, xunto co Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento e Servizos, en data 14.04.2023 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Administración Xeral, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** A actuación se desenrola nun edificio de titularidade municipal, sito na rúa Toural n.º 4 no barrio de Teis, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir.

- Na cuberta substituiranse de maneira progresiva os puntones, reparando e pintando cerchas e paramentos, coa correspondente retirada de refugallos a vertedoiro.
- Na soleira, demolerase e renovará de maneira progresiva o pavimento, renovando ademais a rede de saneamento mediante a escavación de gabias, instalacións de tubos, enchido e retirada de refugallos a vertedoiro.
- Xeraranse novos espazos segregados, ademais de renovar os existentes, que terán usos específicos como punto limpo para comerciantes, oficinas, almacén, cafetería, espazo polivalente e aseos con accesibilidade universal.
- Paralelamente a isto mellorarase a accesibilidade e circulación interna do edificio coa instalación dunha escaleira mecánica, un ascensor e un montacargas, incluíndo as estruturas de soporte necesarias e demolendo a escaleira convencional existente que conecta as dúas plantas principais do Mercado.
- Doutra banda, prevese instalar un xardín vertical no interior do Mercado, incluíndo as tubaxes e sistemas de rega necesarios, así como a adecuación dun espazo para os sistemas de control de rega.

- Respecto a as actuacións no exterior do Mercado, contémplanse a limpeza e reparación de paramentos e cerrajería de ocos, así como a substitución de baixantes, de 18 xanelas por modelos eléctricos e de paneis de policarbonato en cuberta.
- Ademais, impermeabilízase a terraza e instálase sobre ela un sistema de aerotermia que substitúe ao existente de gasoil, que será debidamente retirado.
- Doutra banda, a obra afectará a unha das ramplas laterais de acceso, que será demolida e substituída por outra con mellores condicións de accesibilidade
- Tamén se contempla a instalación dun punto limpo de proximidade para clientes e as conexións e desvíos necesarios da rede de servizos urbanos na contorna do Mercado que fosen necesarias para a correcta terminación das obras.
- En último lugar, o proxecto contempla medidas de dixitalización e de substitución de iluminación común por equipos de eficiencia enerxética

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SETE) 7 meses.

**V.-** O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 31.01.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*
*A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona segundo o PXOU/93 en un solo urbano definido como Estudo de detalle, na tramitación do novo planeamento atopase recollido como equipamento e está incluído on o número 44 no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo, polo tanto segundo se determina no anexo 3 do proxecto das obras propostas están adecuadas a norma urbanística.*

*CONCLUSIÓN:*
*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de **"ADECUACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DE TEIS Á LIÑA DE AXUDA NO MARCO DO PRTR",** redactado pola Arquitecta Técnica Rebeca Galiñanes Fernández cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS SETENTA Y UN MIL CINCUENTA E OITO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.471.058,46 EUROS) de data marzo de 2023.

<u>ACORDO</u>

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(350).- ADDENDA DE PRÓRROGA AO CONVENIO COA SOCIEDADE "SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A.U" A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓNS TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL . EXPTE. 13758/445.**

Visto o informe xurídico do 17/03/2023 e o informe de fiscalización do 02/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 31/03/2023, asinado pola técnica de Xestión, o enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe da Área de Investimentos e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

1.- Con data 18 de xullo de 2019, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o convenio de colaboración entre a Sociedade "Supervisión y Control, S.A.U" e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal. Dito convenio foi asinado polas partes con data 31 de xullo de 2019.

2.-.O devandito servizo de inspección técnica en Galicia se presta a través da anteriormente nomeada xestión indirecta, por unha única concesionaria, a sociedade "Supervisión Y Control, S.A.U" en réxime exclusivo para o todo o territorio de Galicia.

3.- O citado convenio indica na cláusula NOVENA: A vixencia do presente convenio será de catro anos, finalizando a súa vixencia en data 31 de xullo de 2.023, en calquera momento antes da finalización do referido prazo, os firmantes poderán acordar a súa prórroga por un período de catro anos adicionais ou a súa extinción.

4.- Na actualidade, tanto o Concello de Vigo como a Sociedade "Supervisión y Control, S.A.U", titular da concesión administrativa do referido servizo público de inspeccións técnicas de vehículos en Galicia, están interesados na continuidade da regulación das condicións da tramitación da xestión e facturación dos servizos de inspeccións técnicas establecidas mediante o devandito convenio.

**II.- MOTIVACIÓN DA ADDENDA**

A vista dos antecedentes, e de acordo co estipulado no artigo 49.h.- 2º, da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector publico, considerase necesario e oportuno propoñer a prórroga do prazo de vixencia de acordo coa seguinte:

- De acordo co estipulado na cláusula "novena" do convenio obxecto deste informe, proponse prorrogar a vixencia do mesmo por un período adicional de catro anos, é dicir, até o 31 de xullo de 2027.

En relación a proposta de prórroga do prazo de vixencia do convenio de referencia, consta no expediente a conformidade da Sociedade "Supervisión y Control, S.A.U" en data 19.01.2023 (tte. 456 do expediente dixital) á proposta de addenda de prórroga do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE "SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U" E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓNS TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL, por un período adicional de catro anos, de acordo co estipulado no artigo 49.h.- 2º, da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector publico, mantendo o resto de estipulacións deste convenio de colaboración tal e como están redactados e asinados o 31 de xullo de 2019.

Consta no expediente informe xurídico do Xefe do Servizo Xurídico de Servizos xerais de data 17.03.2023.

**III.- PROPOSTA DE ADDENDA DE PRORROGA DO CONVENIO**

1- Que con data 31 de xullo de 2019 foi asinado o o convenio de colaboración entre a Sociedade "Supervisión y Control, S.A.U" e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal.

2.- Que o convenio asinado, na súa cláusula "Novena" indica que: "A vixencia do presente convenio será de catro anos, finalizando a súa vixencia en data 31 de xullo de 2.023, en calquera momento antes da finalización do referido prazo, os firmantes poderán acordar a súa prórroga por un período de catro anos adicionais ou a súa extinción".

3.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á prorrogar a vixencia do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE "SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U" E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓNS TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL"; conforme aos seguintes:

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo e a sociedade "Supervisión y Control, S.A.U" acordan prorrogar o prazo de vixencia do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE "SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U" E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓNS TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL, por un período adicional de catro anos, é dicir, até o día 31 de xullo de 2027.

SEGUNDO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 31 de xullo de 2019 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

**IV.- PROCEDEMENTO E COMPETENCIA**

1. A competencia para a celebración de contratos privados segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda.11 corresponde nos municipios de gran poboación á Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe ou a duración deste.

2. De conformidade coa Base de execución 40 ª "Os convenios serán subscritos, en representación do Concello, pola Alcaldía-Presidencia ou concelleiro/a en quen delegue".

3. O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade ao texto da adenda do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

**PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aprobar o texto da ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A SOCIEDADE "SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U" E O CONCELLO DE VIGO, A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓNS TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL., de acordo co texto que se anexa a este expediente.

**Segundo**.- Dar traslado deste Acordo a a Sociedade "Supervisión y Control, S.A.U" para a subscrición da addenda de prórroga do Convenio.

**Terceiro**.- Facultar ao Concelleiro Delegado del Área de Fomento e Servizos para a sinatura da presente addenda de prórroga do convenio.

**Cuarto.-** Dar conta do presente Acordo á Concellería de Xestión municipal aos efectos de publicidade.

## ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### ANEXO I

ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO ENTRE A SOCIEDADE "SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U" E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓNS TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL.

En Vigo, na data de sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha parte D. Francisco javier Pardo Espiñeira, en nome e representación do Concello de Vigo, asistido da Secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo

Doutra parte D. Alberto Zalvide Torrente, con D.N.I. nº 32.670.238-A en nome e representación de "SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U.", concesionaria do servizo de inspección técnica de vehículos en Galicia, con C.I.F. A-15117609 e domicilio social en Crta. N-VI, km. 582, SADA; representación outorgada en virtude de escritura pública de apoderamento con número de protocolo 2.331, outorgada ante Notario D. Fernando de la Cámara García en data 14.11.2018.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

**EXPOÑEN**

**I-** Que con data 31 de xullo de 2019 foi asinado o o convenio de colaboración entre a Sociedade "Supervisión y Control, S.A.U" e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal.

**II.-** Que o convenio asinado, na súa cláusula "Novena" indica que: "*A vixencia do presente convenio será de catro anos, finalizando a súa vixencia en data 31 de xullo de 2.023, en calquera momento antes da finalización do referido prazo, os firmantes poderán acordar a súa prórroga por un período de catro anos adicionais ou a súa extinción*".

**III.-** Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á prorrogar a vixencia

do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE "SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U" E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓNS TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL"; conforme aos seguintes

**ESTIPULACIÓNS**

**PRIMEIRA. -** O Concello de Vigo e a sociedade "Supervisión y Control, S.A.U" acordan prorrogar o prazo de vixencia do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE "SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U" E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓNS TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL, por un período adicional de catro anos, é dicir, até o día 31 de xullo de 2027.

**SEGUNDA.-** En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 31 de xullo de 2019 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda no lugar e data da sinatura dixital.

**17(351).- REVISIÓN DAS TARIFAS PARA O ANO 2023 DO APARCADOIRO SITUADO ENTRE A RÚA ZARAGOZA E RÚA VALLE INCLÁN. EXPTE. 4136/449.**

Visto o informe xurídico do 25/04/2023 e o informe de fiscalización do 25/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 12/04/2023, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**1 ) SOLICITUDE**

Na data 13 de xaneiro de 2023 D. David Rodriguez Gonzalez actuando en nome e representación da entidade mercantil Consulting Servizos Bayona S.L. con nº de CIF B36789311, presenta solicitude de revisión de tarifas do aparcadoiro situado na rúa Zaragoza co seguinte contido

| | |
|---|---|
| 1º.- 1ª hora ou fracción: | 0,0243 |
| 2º.- 1 a 2 horas: | 0,0218 |
| 3º.- 2 a 3 horas: | 0,0210 |
| 4º.- 3 a 4 horas: | 0,0207 |
| 5º.- 4 a 5 horas:. | 0,0205 |
| 6º.- 5 a 6 horas: | 0,0203 |
| 7º.- 6 a 7 horas: | 0,0202 |
| 8º.- 7 a 8 horas: | 0,0202 |
| 9º.- 8 a 24 horas: | 0,0081 |
| 10º.-Abono nocturno | 52,65 |

11º.-Abono mensual 93,58

Os prezos propostos obtense aplicando aos últimos prezos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de marzo de 2011 o incremento do IPC dende marzo de 2011 ate novembro de de 2022, que foi dun 22,3 % ,de conformidade co disposto na cláusula X do prego de condicións que rexe a concesión, aprobado en sesión plenaria de data 26 de febreiro de 1993.

## 2) ANTECEDENTES

**PRIMEIRO**.-Na data 23 de decembro de 1993 o Pleno do Excmo. Concello adoptou o acordo de adxudicar provisionalmente a Sociedade Ismael y Vicente Rodriguez Alvarez a concesión do aparcamento sotarrego delimitado polas rúas Zaragoza e Valle Inclán, e na sesión plenaria de data 31 de marzo de 1995 adxudicouse definitivamente a concesión.
No acordo plenario da Concesión, no apartado terceiro, relaciona o importe das tarifas que o concesionario poderá percibir dos usuarios, sendo estas as seguintes:

1º.- 1ª hora ou fracción: 125 pts. ( 0,75 euros).

2º.- 1 a 2 horas: 225 pts. ( 1,35 euros).

3º.- 2 a 3 horas. 325 pts. ( 1,95 euros).

4º.- 3 a 4 horas: 425 pts. ( 2,55 euros).

5º.- 4 a 5 horas: 525 pts. ( 3,16 euros).

6º.- 5 a 6 horas: 625 pts. ( 3,76 euros).

7º.- 6 a 7 horas: 725 pts. ( 4,36 euros).

8º.- 7 a 8 horas: 825 pts. ( 4,96 euros).

9º.- 8 a 24 horas: 1.00 pts. (6,01 euros).

10º.- Toda a noite: 4.500 pts ( 27,05 euros).

11º.- Abono mensual 8.000 pts. ( 48,08 euros)

Asi mesmo o acordo de adxudicación establece as seguintes especificacións:

a) numero de prazas: 128

b) canon anual a satisfacer ó Concello: 1000 ptas/ praza garaxe ano

c) canon anual local comercial: 5.000 ptas /ano

d) prazo concesión: 40 anos

e) prezo por desfrute de uso en cesión permanente: 1.300.000 ptas / praza

**SEGUNDO**-Na data 8 de outubro de 2007 a Xunta de Goberno Local autorizo a Ismael y Vicente Rodriguez Alvarez S.A. a cesión a favor da sociedade Consulting Servicios Bayona S.L. da concesión administrativa para a explotación do aparcamento soterrado sito na praza delimitada polas rúas Zaragoza e Valle Inclan, de acordo e con plena suxeición ó prego de condicións administrativas que o rexe.

**TERCEIRO.**-Na XGL de 11 de novembro de 2008, procedeuse a primeira revisión de tarifas e do canon do aparcadoiro, por aplicación do IPC da data do acordo de adxudicación a data de solicitude de revisión setembro de 2008, aplicándose o IPC marzo 1995 a agosto de 2008 que foi dun 51,6%
Na XGL de data 14 de marzo de 2011 procedeuse a unha nova revisión tarifaría engadindo as tarifas vixentes o incremento do IPC agosto de 2008 a decembro de 2010, que segundo o informe do INE foi de 3,2%, e tendo en conta o cambio do tipo impositivo do 16% ó 18%. resultando as seguintes tarifas.

| | |
|---|---|
| 1º.- 1ª hora ou fracción: | 0,0199 euros. |
| 2º.- 1 a 2 horas: | 0,0178 euros. |
| 3º.- 2 a 3 horas: | 0,0172 euros. |
| 4º.- 3 a 4 horas: | 0,0169 euros. |
| 5º.- 4 a 5 horas: | 0,0168 euros. |
| 6º.- 5 a 6 horas: | 0,0166 euros. |
| 7º.- 6 a 7 horas: | 0,0165 euros. |
| 8º.- 7 a 8 horas: | 0,0165 euros. |
| 9º.- 8 a 24 horas: | 0,0066 euros. |
| 10º.- Toda a noite: | 43,05 euros. |
| 11º.- abono mensual: | 76,52 euros. |

En canto ó canon este quedará establecido nos seguintes importes:

- 9,4028 euros, mailo ive/praza de garaxe.
- 47,0136 mailo ive, m2/local comercial.

Na data 13 de xullo de 2017 foi solicitada revisión de tarifas considerando o IPC dende xaneiro de 2011 até maio de 2017 que foi dun 6,9% que non foi obxecto de autorización expresa.
Na data 23 de marzo de 2019 foi solicitada nova revisión das tarifas considerando o IPC dende maio de 2017 ae febreiro de 2019 que foi dun 1,3 % que non foi obxecto de resolución expresa.

**3) INFORME DO SERVIZO**
De conformidade co disposto na cláusula X do prego de condicións que rexe a concesión, aprobado en sesión plenaria de data 26 de febreiro de 1993, " as tarifas revisaranse no seu caso anualmente en función da variación do IPC a petición do concesionario. Transcorrido un prazo de 90 días hábiles sen que o órgano municipal se pronunciase ao respecto, entenderanse aprobadas as novas tarifas e poderán aplicarse automaticamente "
De conformidade coa documentación que obra no expediente e nos arquivos municipais comprobase que as ultimas tarifas aprobadas pola Xunta de Goberno Local foron o 14 de marzo de 2011, propoñendo a empresa solicitante a revisión das citadas tarifas aplicando as mesmas o incremento do IPC dende o mes de aprobación ate o mes de novembro de 2022, que de conformidade coas publicación do INE e de 22, 3%.
Considerase que a revisión das tarifas solicitadas axustase ao disposto na cláusula X do do prego de condicións que rexe a concesión, aprobado en sesión plenaria de data 26 de febreiro de 1993, polo que poden informarse favorablemente as mesmas.
Ademais e aínda que o solicitante non o inclúe na sua solicitude, considerase que debe revisarse, e no mesmo porcentaxe, o importe do canon a abonar polo concesionario ó Concello

Na VI cláusula de citado prego de condicións se establece que cada un dos anos sucesivos do prazo da concesión o concesionario satisfará ó Concello de Vigo o prezo ofertado, modificado pola variación que supoña o " Índice de Prezos ó Consumo" do Instituto Nacional de Estadística ou organismo que lle substitúa.
No obstante o disposto no paragrafo anterior no que atinxe a variación do canon a consecuencia do I.P.C. cando se produza a revisión de tarifas o Concello poderá optar entre a variación que supoña o IPC, ou a contía proporcional á modificación global, propoñendose a revisión do canon de conformidade coa variación do IPC criterio aplicado nas anteriores revisións tarifarías
En relación co prezo por desfrute de uso en cesión permanente, non prevese no prego de condicións que rexe a concesión, a revisión do mesmo.

**4) PROPOSTA**
Polo exposto sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local, Órgano competente para a aprobación da revisión de tarifas de conformidade co disposto na vixente lexislación en materia contractual, previo informe preceptivo da asesoría xurídica municipal, a adopción do seguinte :

**ACORDO :**
PRIMEIRO: Autorizar a revisión das tarifas solicitada pola empresa "Consulting Servicios Bayona, S.L.", do aparcadoiro situado entre as rúas Zaragoza Valle Inclán, fixando as tarifas revisadas para o ano 2023, nos seguintes importes:

1º.- 1ª hora ou fracción: 0,0243
2º.- 1 a 2 horas: 0,0218
3º.- 2 a 3 horas: 0,0210
4º.- 3 a 4 horas: 0,0207
5º.- 4 a 5 horas: 0,0205
6º.- 5 a 6 horas: 0,0203
7º.- 6 a 7 horas: 0,0202
8º.- 7 a 8 horas: 0,0202
9º.- 8 a 24 horas: 0,0281
10º.-Abono nocturno : 56,65
11º.-Abono mensual : 93,58

SEGUNDO: Fixar ó canon nos seguintes importes:
– 11,4996 €, mailo ive/praza de garaxe.
